



Traballo de Fin de Grao  
Grao en Historia da arte, Facultade de Xeografía e Historia na Universidade de Santiago  
de Compostela

**ENTRE A TRANSFORMACIÓN E O ESQUECEMENTO**  
A loita pola preservación do legado histórico-artístico dos pazos galegos a  
través do exemplo ferrolano do Pazo da Merced

Autor/a: Helena Pita Caruncho  
Tutor: David Chao Castro

*A mi madre y a mi abuela:*

*Ellas saben lo mucho que me he exigido en esta carrera, siempre fueron las primeras en escucharme llorar durante horas a través del teléfono y en repetirme que sí lo iba a conseguir.*

*Todos mis logros son gracias a ellas.*

**Resumo:** Os pazos galegos son construcións señoriais tradicionais que desempeñaron un papel fundamental na historia, na arquitectura e na estrutura social e identidade de Galicia, especialmente entre os séculos XVI e XIX. Porén, o seu estudo e análise resulta confuso xa que son arquitecturas con elementos visuais que a miúdo se repiten, pero con características que cambian en función da adaptación ao territorio. Este traballo trata de achegar unha introdución xeral sobre a definición e tipoloxías paxegas, ao mesmo tempo que intenta plasmar a situación dos pazos na lexislación patrimonial galega.

No traballo analízase en profundidade o caso ferrolán do Pazo de Merced, centrando a atención na súa historia, nas transformacións ao longo do tempo e, especialmente, na intervención restauradora de Alfredo Alcalá nos anos 80, exemplo significativo da adaptación arquitectónica para garantir a supervivencia do edificio. Ademais, realízase unha análise histórico-artística do pazo, e este exemplo en concreto para reflexionar sobre a evolución constante desta arquitectura. Finalmente, o estudo incita a ter unha mirada crítica e reflexiva sobre o estado actual dos pazos, formulando interrogantes sobre o seu futuro e se a xestión patrimonial e consideración cultural destes bens está a ser a máis adecuada.

**Palabras clave:** arquitectura, pazo galego, análise histórico-artístico, patrimonio cultural, conservación.

**Resumen:** Los pazos gallegos son construcciones señoriales tradicionales que desempeñaron un papel fundamental en la historia, la arquitectura, la estructura social y la identidad de Galicia, especialmente entre los siglos XVI y XIX. Sin embargo, su estudio y análisis resulta confuso, ya que se trata de arquitecturas con elementos visuales que a menudo se repiten, pero con características que varían en función de su adaptación al territorio. Este trabajo busca ofrecer una introducción general sobre la definición y las tipologías de los pazos, al mismo tiempo que intenta reflejar su situación dentro de la legislación patrimonial gallega.

El trabajo analiza en profundidad el caso ferrolano del Pazo de Merced, centrándose en su historia, en las transformaciones sufridas a lo largo del tiempo y, especialmente, en la

intervención restauradora de Alfredo Alcalá en los años 80, un ejemplo significativo de adaptación arquitectónica para garantizar la supervivencia del edificio. Además, se realiza un análisis histórico-artístico del pazo, y se utiliza este caso concreto para reflexionar sobre la evolución constante de esta arquitectura. Finalmente, el estudio invita a adoptar una mirada crítica y reflexiva sobre el estado actual de los pazos, formulando interrogantes sobre su futuro y sobre si la gestión patrimonial y la consideración cultural de estos bienes está siendo la más adecuada.

**Palabras clave:** arquitectura, pazo gallego, análisis histórico-artístico, patrimonio cultural, conservación.

**Abstract:** Galician pazos are traditional manor houses that played a fundamental role in the history, architecture, social structure, and identity of Galicia, especially between the 16th and 19th centuries. However, their study and analysis is often challenging, as they feature architectural elements that frequently repeat, yet present characteristics that change depending on their adaptation to the territory. This paper aims to provide a general introduction to the definition and typologies of pazos, while also exploring their current situation within Galician heritage legislation.

The research focuses on the Pazo de Merced in Ferrol, examining its history, the transformations it has undergone over time, and especially the restoration work carried out by Alfredo Alcalá in the 1980s — a significant example of architectural adaptation aimed at ensuring the building's survival. In addition, the study includes a historical and artistic analysis of the pazo, using this specific case to reflect on the constant evolution of this architectural form. Finally, the work encourages a critical and reflective perspective on the current state of pazos, raising questions about their future and whether current heritage management and cultural consideration are truly adequate.

**Key words:** architecture, Galician pazo, historical-artistic analysis, cultural heritage, conservation.

## ÍNDICE

Introducción	4
Obxectivos	5
Metodoloxía	6
1. O pazo: definición e tipoloxía do pazo	9
2. Lexislación relativa aos pazos	16
2.1. Tratamento específico na lei galega	22
2.2. Discriminación patrimonial? O caso dos pazos e a declaración BIC	22
3. Análise histórico-crítico do Pazo da Merced de Ferrol	26
3.1. Edificio histórico: fundación e evolución no territorio ferrolán	26
3.2. Estado de conservación do pazo a finais dos 70	33
3.3. Criterios de conservación e restauración	33
3.4. Resultados de abordaxe e criterios comparativos	37
Conclusións	44
Bibliografía	47
Anexo documental e fotográfico	49

## **Introdución**

Neste traballo analízase por que os pazos constitúen unha parte esencial do patrimonio arquitectónico galego, non só pola súa dimensión estética ou construtiva, senón polo papel que xogaron como centros de poder e organización do territorio durante séculos. Máis que simples residencias señoriais, foron espazos simbólicos ligados á estrutura social, á identidade local e á historia rural de Galicia.

A súa arquitectura, condicionada polo medio xeográfico e polas necesidades das familias que os habitaban, presenta unha gran diversidade tipolóxica e unha rica carga simbólica, visible en elementos característicos como o blasón. Con todo, esta riqueza non foi allea ao paso do tempo: moitos pazos foron abandonados, deteriorados ou reconvertidos en usos moi diferentes como resposta a cambios sociais e económicos.

Este traballo pretende reflexionar sobre esa capacidade de adaptación e transformación dos pazos galegos, tomando como punto de partida o estudo do Pazo de Merced, un exemplo concreto que permite abordar esta evolución desde unha perspectiva patrimonial, arquitectónica e cultural.

## **Obxectivos**

A finalidade deste traballo é amosar unha perspectiva xeral da situación actual dos pazos galegos que dé pé a razonar acerca do patrimonio galego, a súa importancia e a súa conservación como parte do noso legado. Comezando cunha definición do concepto de pazo e a evolución do mesmo, pódese comprender a natureza cambiante desta arquitectura e as súas tipoloxías; así como do entorno que ten unha relación indisoluble co edificio en cuestión.

Outro obxectivo fundamental é plasmar as dúas lexislacións consecutivas referidas ao patrimonio galego e comparar os diferentes artigos para entender o desenvolvemento e os cambios entre ambas (ano 1995 e 2016). Ao establecer a comparativa, poderemos observar os avances ao longo do tempo que de forma simultánea provoca que reflexionemos acerca das necesidades da arquitectura pacega e o futuro da mesma. Da

mesma forma, é importante destacar a consideración de BIC e os beneficios e desvantaxes que pode provocar nos pazos.

Por outro lado, debemos destacar unha finalidade analítica da historia da arte da arquitectura pancega. Entender as súas partes simbólicas (como o blasón) é clave para poder achegarnos a este tipo de edificios.

O traballo culmina co obxectivo final de analizar o pazo da Merced en Neda. O seu pasado e a súa rehabilitación nos anos 80 da man de Alfredo Alcalá serve para exemplificar un caso específico de restauración e da actualización dun pazo galego non exenta de polémica dende o punto de vista patrimonial. Trátase dun caso representativo dunha arquitectura que atravesou múltiples cambios de uso (turístico, privado, cultural, etc); reflectindo así unha traxectoria vital e complexa. Neste caso, permite comprender a evolución dos pazos e o seu papel dende o seu pasado histórico ata a contemporaneidade galega.

Ademais, realizar un estudo sobre este pazo permite crear comparacións con outros, e restauracións complexas que no seu momento crearon polémica ou que non foron ben recibidas. A intención desta parte do traballo é entender o pasado recente no campo de rehabilitación e restauración arqueolóxica, comprender o contexto no que tiveron lugar de forma obxectiva, expoñer as fases de restauración e incitar a unha reflexión sobre este tipo de intervencións.

En conclusión, podemos dicir que se trata dun traballo cun enfoque interdisciplinar que abrangue perspectivas da historia da arte, a lexislación patrimonial e a restauración arquitectónica, co fin de ofrecer unha visión o máis completa posible sobre a realidade dos pazos galegos.

### **Metodoloxía**

Este traballo tivo a súa orixe no interese de achegarse ao estudo da arquitectura pancega en Galicia. Dentro deste marco, xurdiu a idea de tratar non só o relativo á historia e ao análise artístico (tipoloxía, arquitectura, etc.) dos pazos galegos, senón que, dende un

primeiro momento, atopei interesante o relativo á lexislación do patrimonio galego no referido aos pazos e a súa protección.

Para abordar este tema, comecei a informarme sobre a súa historia mediante as lecturas de *Os pazos* e *La arquitectura del pazo en Vigo y su comarca* de Ana Pereira Molares; estes libros permitíronme adquirir uns coñecementos xerais para organizar o traballo.

A continuación, considerei imprescindible profundizar na orixe destas arquitecturas pacegas, polo que consultei tamén o artigo de Ana Pereira Morales “*Los Pazos gallegos: pasado y presente*”. Da mesma forma, realicei unha introdución á etimoloxía do termo “pazo”, así como as principais hipóteses formuladas por historiadores de recoñecido prestixio, tales como Bonet Correa, Álvarez Gallego, etc. Para achegarme a ditas hipóteses, consultei dous volumes fundamentais: *Pazos de Galicia* de Víctor Nogueira Fariña e *Pazos de Galicia, Vol. 1: Análisis documental* de José Manuel García Iglesias. Neste último libro, o autor realiza numerosas referencias e citas a Martínez Barbeito, quen, coa súa teoría, traza un percorrido exhaustivo polas distintas tipoloxías do pazo.

A partir da teoría de Martínez Barbeito, analicei tamén os elementos visuais que tradicionalmente se asocian aos pazos e que están estreitamente vinculados ao medio físico no que se establecen. Porén, foi imprescindible realizar unha investigación cualitativa de campo, e o 27/2/2025 solicitei unha entrevista persoal coa actual presidenta da Asociación Amigos de los Pazos (D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Montserrat Maneiro Bofill), na súa oficina da cidade de Vigo. Sen dúbida, esta entrevista permitíume resolver dúbidas e obter, en primeira persoa, unha perspectiva única sobre estas cuestións da arquitectura pacega.

O aspecto social dos pazos analiceino grazas á obra do historiador da arte Jesús Ángel Sánchez García, concretamente o capítulo “Una señorial y melancólica escena: El romanticismo y el jardín de los pazos gallegos” en *Jardín y Romanticismo*. Aquí realiza un pequeno resumo desa decadencia da nobreza galega dos pazos antes de analizar os xardíns pacegos. Nesta liña, continuei co libro de Presedo Garazo, *La nobleza provincial gallega ante la crisis del Antiguo Régimen: una visión panorámica*, e desta

forma introducín a problemática do paulatino abandono dos pazos e como isto derivou nun turismo rural que, tras converterse nun turismo masivo, creou a necesidade de lexislación e normativas para a protección do patrimonio galego. Deste xeito, naceu a Lei de 1995 e a súa actualización, a Lei de 2016.

A análise da lexislación é fundamental para comprender o estado actual dos pazos, e para poder realizar dito análise consultei o *Código del patrimonio cultural de Galicia*; concretamente a edición anotada e preparada por F. M Castro Allegue. Todo isto permitiu a elaboración dos tres apartados nos que se examinan meticulosamente estas normativas.

Por último, o cúlmen deste traballo reside no exemplo do Pazo da Merced, situado en Neda (Ferrol). Escollín este caso en concreto por constituír un modelo paradigmático para comprender a transformación constante da arquitectura pacega, especialmente pola polémica restauración realizada polo arquitecto Alfredo Alcalá a finais dos anos 70 e comezos dos 80. Para profundar no estudo deste pazo ferrolán, resultou fundamental a colaboración da familia Alcalá, coa que realicei numerosas entrevistas e visitas ao longo dos meses de maio e xuño.

Por outra banda, para achegarme á figura dun arquitecto tan vinculado a Ferrol, púxenme en contacto co alcalde José Manuel Rey Varela e coa conselleira de Urbanismo, Blanca García Olivares, que me facilitaron vídeos de entrevistas a Alfredo Alcalá elaborados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Como conclusión, podemos afirmar que para levar a cabo este estudo empregouse unha metodoloxía cualitativa, baseada na análise de fontes documentais (bibliografía especializada, textos lexislativos) e complementada cunha aproximación de campo, mediante o desenvolvemento de entrevistas a diferentes figuras con dominio na materia. Todo este proceso fixo posible o desenvolvemento dos distintos capítulos que compoñen o corpo principal deste traballo, e ao mesmo tempo serviu de base para elaborar o capítulo de conclusión, onde se recollen -de forma clara e sintética- aqueles aspectos que consideramos máis relevantes para resumir o analizado. O traballo péchase

cunha extensa bibliografía das obras e estudos consultados ao longo desta primeira aproximación investigadora, así como cun anexo fotográfico e documental (realizado na súa maioría por fotografías e imaxes que recopilei grazas ás visitas ao pazo da Merced coa colaboración de Juan Alcalá) que acompaña e complementa o texto, facilitando a súa lectura e comprensión.

## 1. Definición e tipoloxía do pazo

A palabra pazo provén da palabra latina “*palatium*”, termo que en principio deberíamos escribir con maiúscula por ser o nome propio dunha colina da antiga Roma denominada Mons Palatinus<sup>1</sup>. Nesta colina, según a tradición Rómulo fundou a cidade de Roma no ano 753 a.C<sup>2</sup>. Por este motivo, esta colina foi adquirindo un sentido de prestixio, converténdose na residencia preferida da aristocracia romana; e posteriormente dos propios emperadores, sendo todo un símbolo de poder<sup>3</sup>.

O concepto *Palatium* pasou enton a designar residencias imperiais, e máis tarde o vocable pasou a referirse de forma máis xenérica a toda residencia principesca ou luxosa<sup>4</sup>.

Ao longo dos séculos o termo foi evolucionando, chegando a diversas variantes como *paaço* ou *piazo* na Baixa Idade Media galega por unha adaptación fonética e semántica, pero coa mesma vinculación ao concepto de residencia de prestixio<sup>5</sup>. Continuando coa evolución da súa etimoloxía, segundo as fontes do museo municipal de Vigo “Quiñones de León” o termo de pazo como tal non se asenta ata os séculos XVIII-XIX para designar unha casa solariega galega vinculada á fidalguía e nobreza<sup>6</sup>.

---

<sup>1</sup> Moralejo, J. (2008). *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*, La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 293-296.

<sup>2</sup> Beard, M. (2015). *Senatus Populusque Romanus: Una historia de la antigua Roma*. Barcelona: Editorial Crítica, p. 21.

<sup>3</sup> Nogueira, V. (2008). *Pazos de Galicia*. Vigo (Pontevedra), Edicións NigraTrea S.L., pp. 10-12.

<sup>4</sup> Nogueira, V. (2008). *Pazos de Galicia, op. cit.*, p. 10.

<sup>5</sup> García Iglesias J.M. (1992). *Pazos de Galicia. vol.1: análisis documental*. A Coruña, Xunta de Galicia Consellería de Cultura e Xuventude -COAG, p. 13.

<sup>6</sup> O museo ocupa o antigo Pazo de Quiñones de León, construído no século XVII e reformado a finais do século XIX, sendo un edificio exemplar da arquitectura señorial de Galicia.

Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”. (s.f.). *El pazo gallego: arquitectura pacega*. [https://www.museodevigo.org/p\\_arquitectura\\_es.php](https://www.museodevigo.org/p_arquitectura_es.php) [última consulta: 12/2/2025]

A orixe dos pazos pódese situar a finais do século XV e comezos do XVI, no momento en que finalizan os conflitos bélicos dos señores feudais; prodúcese unha paulatina transformación no modo de vida da poboación, abandonando enclaves preparados para tempos de guerra como torres fortificadas, e creando fogares palativos<sup>7</sup>.

Víctor Nogueira (2008) definiu a súa orixe:

“As construcións pancegas estiveron vinculadas á pequena fidalguía de «señores medianeiros» xurdidos no século XVI como evolución social de escudeiros, cargos burocráticos e clérigos que nos seculos XVI e XVIII disfrutaron dunha situación económica favorable ó xeralizarse a práctica do subforo, subarrendando as terras da alta nobreza e a igrexa ós campesiños e conseguindo deste modo unhas rendas elevadas que investirán na construción dos pazos, como símbolo de ascenso social.

Frecuentemente os pazos toman elementos característicos doutros tipos de construcións. Pódeno facer cunha finalidade puramente estética ou tamén cunha intención ideolóxica. Por iso, pódense ver pazos dos séculos XVII e XVIII con torres ameadas que xa non teñen unha función defensiva, senón que simbolizan o poder dos sus propietarios”<sup>8</sup>.

Segundo Martínez Barbeito, o pazo ten unha imaxe característica na maioría dos casos:

“É un pazo en Galicia todo edificio levantado no campo con destino a residencia fixa ou temporal de familias nobres, de proporcións que superen notoriamente o resto das vivendas de cada aldea, que presenta trazos suntuarios desusados nas moradas campesiñas, simples lugares habitables de exclusivo carácter funcional; que ostenta signos heráldicos e que non sempre, pero si a miúdo, se completa cun portal brasonado ou non, cunha capela anexa, cun xardín e, como quere o refrán tan estendido, cun pombal e un ciprés nas súas inmediacións. Suponse que todo isto ten que ser auténtico, é dicir, procedente dun tempo en que a nobreza vivía, así de modo permanente como circunstancial, co campo [...]”<sup>9</sup>.

Se analizamos esta definición podemos deducir algunhas características que todavía hoxe en día vinculamos ao concepto de pazo galego. En primeiro lugar, a funcionalidade residencial entre familias nobres estrictamente vinculado a esa

<sup>7</sup> Para máis información consultar: Pereira, Morales, A. M. (1979). *La arquitectura del pazo en Vigo y su comarca*. Santiago, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG.

<sup>8</sup> Nogueira, V. (2008). *Pazos de Galicia, op. cit.*, p. 10.

<sup>9</sup> García Iglesias J.M. (1992). *Pazos de Galicia. vol.1: análisis documental, op. cit.*, p. 13.

consideración de prestixio e, por conseguinte, a evolución socioeconómica de pazo. As principais razóns polas que erixían estas residencias eran administrativas, exercían influencia sobre os campesiños e ao mesmo tempo tiñan esa característica solariega que debemos vincular ás liñaxes da nobreza rural galega; xa que fai referencia a un antigo solar (berce do seu liñaxe) que é transmitido de xeración en xeración.

Na definición de Martínez Barbeito atopamos algo moi común, que é falar dos símbolos visuais que vemos no pazo. En primeiro lugar, os símbolos heráldicos da propia familia (moi presentes nas fachadas como símbolo de poder).

En segundo lugar, Martínez Barbeito menciona o famoso refrán “*palomar, capilla, ciprés: pazo es*”<sup>10</sup>; que aporta unha clara imaxe do que é un pazo tradicional. A actual directora da *Asociación Amigos de los Pazos*, M<sup>a</sup> Montserrat Maneiro Bofill, establece que un pazo debe ser rural (nun comezo realizáronse en comarcas de terras fértiles para desenvolver unha rica agricultura) e ademáis, debe ter indispensablemente un blasón<sup>11</sup>. Deste xeito, debemos entender o blasón como un elemento identitario estritamente vinculado co liñaxe da familia nobre que habitaba no pazo; e polo tanto, un elemento que leva a esa tradición galega e que serve como testemuño histórico e cultural.

Isto permítenos afondar na tipoloxía dos pazos, xa que estes edificios incorporan os elementos esenciais da arquitectura popular, adaptándose de maneira específica ás características do medio no que se sitúan.

Víctor Nogueira analiza as diferentes hipótesis que plantexaron os historiadores ao longo dos anos, centrándose principalmente nas teorías de Bonet Correa<sup>12</sup>, Gerardo Álvarez Gallego<sup>13</sup> e Otero Pedrayo<sup>14</sup>:

---

<sup>10</sup> Nogueira, V. (2008). *Pazos de Galicia, op. cit*, p. 10.

<sup>11</sup> Comentario feito nunha entrevista persoal o 27/2/2025 na cidade de Vigo. Agradezo á directora M<sup>a</sup> Montserrat Maneiro Bofill e a toda a asociación o seu tempo e colaboración.

<sup>12</sup> Antonio Bonet Correa foi un historiador da arte español e catedrático da Complutense de Madrid ao que se refire Nogueira.

<sup>13</sup> Para máis información consultar: Álvarez Gallego, G. (1963). *Los pazos: estudio preliminar*. Vigo, Castrelos.

<sup>14</sup> Otero Pedrayo foi un dos grandes escritores galegos do s. XX, aínda que non escribiu un estudo monográfico sobre os pazos, nas súas novelas e relatos describe a vida nos pazos e a súa importancia na cultura galega, como por exemplo *Os camiños da vida*.

“Buscando a orixe arquitectónica, algúns historiadores postulan a hipótese de que o palacio compostelano de Xelmírez sexa un modelo inicial para os pazos galegos. Outros como Otero Pedrayo, sosteñen que a súa tipoloxía está máis inspirada na arquitectura campesiña e monástica que na militar das fortalezas. Así, atopamos pazos como o da Pastora en Vigo que teñen unha estrutura claramente románica e noutros casos amosan elementos góticos, apoiando a tese que defendía Otero Pedrayo. Pola súa parte, Martín González considera que derivan dos palacios italianos renacentistas, servindo de exemplo o pazo de Bóveda en Lugo. Bonet Correa afirma que o modelo dos pazos foi traído no século XVII por mestres santanderinos que viñeron a traballar a Galicia e se inspiraron en casonas renacentistas e clasicistas da súa provincia. Pero, seguindo coa teoría de Álvarez Gallego, o máis probable é que o modelo de inspiración sexan as casas romanas, as *villae* do Baixo Imperio, cun esquema de pranta cadrada e dúas alturas que perdura ao longo da época medieval”<sup>15</sup>.

A tipoloxía paxega aparece por tanto pragada de polémicas, xa que moitos destes autores tratan de definir unhas características e orixes claros a unhas arquitecturas diversas que varían dependendo da súa posición. Podemos afirmar que a tipoloxía cambia en función da adaptación ao territorio; e ao mesmo tempo entra en xogo a índole do espazo, que varía dependendo das estancias e elementos para cadrar os almacéns, as adegas, os hórreos, as cortes, etc.

O material cuantitativamente máis frecuente na construción é o granito, xa que é moi abundante en boa parte do territorio de Galicia. Cando non se dispón de boas canteiras de granito, a súa utilización resérvase ás zonas máis importantes do edificio; alternándose coas zonas de menor consideración onde se usa cachotería. En Coruña temos as Torres de San Tirso de Mabegondo e o pazo Torres de Xunqueira en Pobra do Caramiñal. Éste último é un imponente edificio de granito con planta cuadrangular que fai fincapé no seu carácter macizo<sup>16</sup>.

Por outro lado, na zona oriental de montaña de Lugo e Ourense o material máis predominante é a lousa; tamén se ve complementado con estruturas de madeira no exterior (dado o clima máis frío e menos húmido que favorece a súa utilización nesta

---

<sup>15</sup> Nogueira, V. (2008). *Pazos de Galicia, op. cit.*, p. 11.

<sup>16</sup> *Ibidem*, pp. 70-73.

zona). O predominio deste material débese a un clima máis frío que favorece a súa utilización nesta zona; como por exemplo o Pazo de Tovar en Lourenzá, que presenta solainas e soportes de madeira; mentres que en toda Galicia a madeira emprégase no interior dos pazos para os chans e armazóns dos tellados.

Nalgúns pazos importouse granito para poder realizar o escudo; deste xeito, regresamos á idea de que hai zonas do pazo cun significado directamente relacionado coa liñaxe familiar, ás que se presta máis consideración<sup>17</sup>.

Seguindo co tema dos materiais, na maior parte de Galicia emprégase a tella como cuberta. Pero de novo na zona oriental de Ourense e Lugo, así como no norte lucense e coruñés, serán frecuentes as cubertas de lousa ou pizarra, dada a dispoñibilidade desta pedra. Por exemplo, na Serra da Capelada, que ten unha gran tradición no uso de pizarra.

Como acabamos de mencionar no parágrafo anterior, a adecuación ao medio é un factor clave, como por exemplo facer fronte aos fortes ventos dalgunhas comarcas ou simplemente ao vento do norte. Neste caso, temos as prantas en “L” que forman un patio inscrito dentro, máis protexido, como o Pazo de Parada de Amoeiro (Ourense).

Tamén resultan curiosos os pazos con patios inscritos en forma de “U” que crean un remanso interior, como o caso do Pazo de Pegullal en Salceda de Caselas (Pontevedra) que data do século XVIII. Este tipo de pazo adoita situarse no centro-sur de Pontevedra<sup>18</sup>.

En resumo, podemos afirmar que na arquitectura dos pazos moitas veces son os materiais os que condicionan o mesmo pazo; e neste proceso de adaptación inflúe o territorio, que marca e ao mesmo tempo é marcado, creando unha relación cíclica co medio físico. Un exemplo disto sería o ciprés, como ese gran símbolo visual de poder

---

<sup>17</sup> Durán-Loriga, M., & Salgado, M. (2014). *Pazos gallegos. Materiales para su estudio*, Pontevedra, Diputación Provincial de Pontevedra, pp. 23-25.

<sup>18</sup> Para máis información sobre a tipoloxía pacega consultar: Pereira, Morales, A. M. (1979). *La arquitectura del pazo en Vigo y su comarca*. Santiago, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG.

que se erixe na finca do pazo, representando solemnidade e nobreza (ao contrario que na Meseta castelá, onde o ciprés ten connotacións funerarias).

Por último, debemos centrarnos en comprender a dimensión social dos pazos, especialmente en relación cos problemas do século XIX que provocaron a súa transición cara a un abandono progresivo. Antonio Presedo Garazo escribiu libros e artigos acerca desta problemática analizando o impacto dos cambios socioeconómicos sobre a fidalguía galega dos pazos.

O sistema foral e a pervivencia deste ata o século XIX é un dos elementos centrais desta transformación, xa que permitía á nobreza manter o control sobre grandes extensións de terra sen ter que pagar moitos impostos. Coa desamortización, gran parte desas terras foron expropiadas e vendidas; e isto significou que moitas das familias nobres adquiriron esas propiedades.

Presedo Garazo (2005) analiza o funcionamento do sistema foral e inclúe unha cita do profesor Ramón Villares:

“La principal evidencia de esta declarada ausencia de transformaciones en el seno de las relaciones agrarias gallegas es, en nuestra opinión, la perpetuación a lo largo del siglo XIX del sistema foral, después de la eficaz defensa que de él había hecho la hidalguía gallega desde mediados del XVIII”<sup>19</sup>

A desamortización e o fin paulatino do sistema foral, xunto a unha serie de transformacións económicas, políticas e sociais, revelan que o abandono progresivo dos pazos non foi simplemente unha consecuencia material da perda de terras, senón o reflexo dun cambio máis fondo: a desaparición dun modelo social baseado na posesión da terra, nos privilexios herdados e na estabilidade do mundo rural.

Como conclusión, podemos dicir que a fidalguía galega, malia conservar en moitos casos a propiedade dos pazos e algunhas terras, pertencía xa no século XIX a un grupo social incapaz de adaptarse aos novos tempos. Moitas destas familias quedaron con

---

<sup>19</sup> Presedo Garazo, A. (2005) "La nobleza provincial gallega ante la crisis del Antiguo Régimen: una visión panorámica" en *Hidalguía*, vol. 53, nº 308, p. 16.

patrimonio material, pero sen liquidez nin mecanismos para reformularse; ao contrario que ocorreu por exemplo co mundo británico onde boa parte da aristocracia e familias nobres diversificaron os seus ingresos e conservaron a súa posición social, combinando tradición e innovación (chegada da revolución industrial e cambios cara unha paulatina modernidade).

Jesús Ángel Sánchez García (2004) aborda a decadencia da historia dos pazos, vinculándoa coas primeiras representacións artísticas que reflicten o seu paulatino declive:

“Creo que el tema de fondo de esta ponencia se puede resumir en pocas palabras como la historia de una decadencia. O al menos hasta la fecha se ha contado y enfocado siempre desde ese punto de vista: la decadencia de los señores de los pazos, provocada por la desaparición de las bases socioeconómicas sobre las que reposaba su mundo, y por añadidura la decadencia de los jardines que constituyeron la calificada como romántica escena de sus ocios y amoríos. Comenzando por el desenlace de esta historia, para encontrar las primeras imágenes que se hacen eco del declive del mundo de los pazos es necesario esperar hasta los primeros años del siglo XX [...]”<sup>20</sup>.

O foco recae na figura de Alfonso R. Castelao, quen, nos primeiros anos do século XX, representou escenas que retrataban a caída daquela aristocracia rural que, tempo atrás, estivera no culmen do seu poderío socioeconómico:

“Ahora bien, en el contexto descrito y en el terreno de la plástica quizás fueron las acuarelas y dibujos de Alfonso R. Castelao las que con mayor fidelidad mostraron la ruina y decadencia de los pazos. El tema está presente en sus reiterados retratos de los que llamó “hidalgos de gotera”: últimos representantes de la añeja hidalguía rural venida a menos que, con sus largas barbas y ropajes de otros tiempos, aún se esforzaban por mantener un porte de dignidad, si bien ya no podían ocultar su pobreza, refugiados en la soledad de sus ruinosas casonas, junto a cuyas desvencijadas y agrietadas paredes, apuntaladas incluso para no venirse abajo, asoman también los descuidados jardines”<sup>21</sup>.

---

<sup>20</sup> Sánchez García, J.A. (2004). "Una señorial y melancólica escena. El romanticismo y el jardín de los pazos gallegos " en *Jardín y Romanticismo*, Madrid, Consejería de Educación, pp. 147-180, espec. p. 147.

<sup>21</sup> *Ibidem*, p. 148.

O historiador emprega como exemplo a ilustración da portada de *El Hidalgo Don Tirso de Guimaraes* (libro de Luis Antón del Olmet de 1913), onde Castelao retratou a D. José Hermida e Pazos de Probén (*fig. 1*), señor do pazo das Torres de Hermida en Lestrove (Dodro, A Coruña) coas características deses “hidalgos de gotera”.

## **2. Lexislación relativa aos pazos**

Como resposta a esta decadencia do mundo dos pazos galegos e aproveitando o auxe do turismo de descanso e o gusto polo rural, entrou de cheo na década dos 80 o turismo na arquitectura paxega. Sen embargo, o que nun primeiro momento se empregou como unha solución, acabou por provocar un turismo masivo con modificacións das súas estruturas que ameazaban á súa integridade e provocaban, ao mesmo tempo, a perda da esencia dos pazos. Por este motivo, creouse lexislación e normativas relativas á conservación do patrimonio galego, das cales destacamos a lei do 30 de outubro de 1995 e a do 4 de maio de 2016, que é unha actualización da anterior.

A Lei de 1995 está fundamentada en fontes anteriores como a Lei do Patrimonio Histórico Español de 1985, a Lei de 1933 sobre a Conservación do Patrimonio Artístico Nacional e a propia Constitución Española de 1978, que recoñece o deber de conservar o patrimonio cultural.

Esta lei naceu nun momento no que Galicia, tras o Estatuto de Autonomía de 1981, vai asumindo competencias propias en materia cultural, como velar pola protección dos bens materiais e inmateriais da realidade galega do momento. Polo tanto, foi unha normativa que afectou directamente á protección do patrimonio cultural galego, como por exemplo a preservación dos pazos.

Segundo anota Francisco M. Castro Allegue (2005):

“A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia é a expresión xurídica necesaria á especificidade que, como nacionalidade histórica, posúe en materia cultural, forxada a través dos séculos e precisada na actualidade de preservación, conservación, actualización e difusión para o seu gozo social [...] Preténdese con esta lei adecuar a realidade de

Galicia, e as súas necesidades específicas en materia de patrimonio cultural a normativa legal pola que se rexirá a defensa, protección, conservación e sancións contras as agresións de diversa índole que o mesmo poda sufrir. A lei parte dun concepto amplo do patrimonio cultural de Galicia, que engloba o patrimonio moble, o patrimonio inmovible, o patrimonio inmaterial, xa sexan de titularidade pública ou privada; ademais das manifestacións da nosa cultura tradicional e popular”<sup>22</sup>.

En primeiro lugar, debemos mencionar os dous mecanismos que presenta a lei para protexer os bens inmovibles e que se poden aplicar aos pazos: a declaración de BIC<sup>23</sup> no artigo 8 e a inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia presente no artigo 17. A declaración de BIC ou de ben catalogado implica directamente que non pode ser derrubado, transformado nin vendido libremente sen comunicación e autorización previa da Administración; polo que isto evita que podan ser reformados con transformacións que afecten ao seu valor cultural.

No artigo 44 establécese a importancia de protexer a contorna na que se atopa o ben, o que no caso particular da arquitectura paxega supón algo fundamental, xa que como mencionamos anteriormente o pazo mantén unha relación directa co medio físico porque ademais de ter características constructivas adaptadas a él, presenta unha serie de elementos identitarios (hórreo, blasón, pombal, capilla, ciprés...) que fan que non poda entenderse como algo illado, senón como unha arquitectura inscrita dentro dun contexto paisaxístico e territorial. Segundo isto, se hai un plan urbanístico aprobado para as inmediacións dun pazo, debe consultarse á Consellería de Cultura; a súa aprobación é obrigatoria<sup>24</sup>.

---

<sup>22</sup> Castro Allegue, F. M. (2005). *Código del patrimonio cultural de Galicia: Edición anotada e preparada*. Xunta de Galicia, p. 115.

<sup>23</sup> Ben de Interese Cultural é a máxima figura de protección legal do patrimonio cultural tanto en Galicia como no conxunto do Estado español.

<sup>24</sup> Lei 8/1995, do 30 de Outubro, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 44 apartado 4: “*Para cualquier intervención que pretenda realizarse, la existencia de una figura de planeamiento que afecte al entorno de un monumento no podrá excusar el informe preceptivo y vinculante de la Consejería de Cultura*”. Boletín Oficial del Estado, nº 259, 1/12/1995.

A continuación, debemos destacar os artigos 37, 38 e 39, onde se establece un riguroso control das intervencións. No relativo ao pazo, podemos aplicalo en que calquera intervención (obras menores, restauración, etc) debe ser autorizada previamente pola Consellería de Cultura<sup>25</sup>.

O artigo 38 incide na importancia de que calquera proxecto de intervención nun ben inmueble declarado Ben de Interese Cultural terá que incorporar un informe sobre a súa importancia artística, histórica e/ou arqueolóxica. Desta forma, recálcase a presenza da arquitectura paxega na historia e na identidade cultural galega como un elemento fundamental.

Ademais, os proxectos deben incluír informes técnicos, empregar criterios de mínima intervención e respecto pola autenticidade para evitar o uso de materiais incompatibles que poidan ser danos. Isto resulta importante porque incide na preservación da esencia do pazo declarado BIC fronte a reformas modernas que poidan alterala.

O artigo 26 establece que os propietarios, posuidores e demais titulares deben facilitar o acceso, con fins de inspección, á Administración competente e aos investigadores se o ben que poseen está catalogado ou declarado; e dita administración pode tamén solicitar exames e informacións pertinentes. Ademais, no apartado 3 deste artigo vemos un ápice de regulación do acceso ao público xeral que evita que os pazos queden pechados ou esquecidos. Na edición do Código do Patrimonio Cultural Galego anotada por F. M. Castro Allegue este artigo está en relación co primeiro párrafo do artigo 44 da Constitución Española<sup>26</sup>: “*Los poderes públicos promoverán y tutelarán el acceso a la cultura, a la que todos tienen derecho*”.

Respecto disto, tamén podemos recalcar o artigo 5<sup>27</sup>, que establece a colaboración da Igrexa católica coa Administración competente para elaborar plans de intervención

---

<sup>25</sup> Lei 8/1995, do 30 de Outubro, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 37: “*Cualquier intervención que pretenda realizarse en un inmueble declarado bien de interés cultural habrá de ser autorizada por la Consejería de Cultura, previamente a la concesión de la licencia municipal, con la salvedad que supone lo previsto en el artículo 47.2 de la presente Ley*”. Boletín Oficial del Estado, nº 259.

<sup>26</sup> Constitución Española. (1978). Boletín Oficial del Estado, nº 311, p. 24.

<sup>27</sup> Lei 8/1995, do 30 de Outubro, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 5: “*La iglesia católica, propietaria de una buena parte del patrimonio cultural de Galicia, velará por la protección, conservación, acrecentamiento y difusión del mismo, colaborando a tal fin con la Administración en materia de patrimonio*”. Boletín Oficial del Estado, nº 287 , 1/12/1995.

conxunta co obxectivo de velar polo patrimonio. Respecto disto, Francisco M. Castro Allegue anota o texto do Convenio de 1985 para recalcar a presenza deste tipo de acordos en anos anteriores:

“El Convenio de colaboración, del 17 de abril de 1985 entre los Obispos de las Diócesis que comprenden el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia y la Xunta de Galicia, con el fin de garantizar la conservación y fomentar y promover el enriquecimiento del Patrimonio artístico y documental de la iglesia (DOG núm.107, 5 de junio), establece en su artículo 5 que corresponde a la Comisión mixta coordinadora: 5º Establecer criterios en orden a la utilización científica, cultural o de visitas por parte del público, a lo cual se compromete expresamente la Iglesia, sin que tal utilización pueda atentar contra los fines directamente religiosos del patrimonio afectado”<sup>28</sup>.

Por último, debemos mencionar o artigo 31<sup>29</sup> relativo á expropiación. Un último recurso legal polo cal se un pazo é catalogado ou declarado BIC e entra en estado ruinoso ou gravemente deteriorado, a Administración competente pode declaralo de utilidade pública e expropiar o ben para asegurar a súa supervivencia.

Francisco M. Castro Allegue aclara que ao proceder á lectura este artigo debemos ter en conta os requisitos previos establecidos pola lei 16/1985, del 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, nos seus artigos 36 e 37: “Neste sentido, pode resultar útil a Sentencia 1902/1997 do 13 de novembro, da Sección Tercera da sala do contencioso

---

<sup>28</sup> Convenio de colaboración entre la Xunta de Galicia y los Obispos de las diócesis de la Comunidad Autónoma de Galicia, del 17 de abril de 1985; DOG nº107, del 5 de junio. Consultado en Castro Allegue, F. M. (2005) *Código del Patrimonio Cultural de Galicia, op. cit.*, p. 597.

<sup>29</sup> Lei 8/1995, do 30 de Outubro, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 31: “*El incumplimiento de las obligaciones de protección y conservación será causa de interés social para la expropiación forzosa de los bienes declarados y catalogados por la Administración competente*”. Boletín Oficial del Estado, nº 259, 1/12/1995.

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sobre a expropiación forzosa do pazo da Merced<sup>30</sup> en A Pobra do Caramiñal)<sup>31</sup>.

A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia naceu coma unha actualización da antiga Lei 8/1995. Mantén moitos aspectos de protección e conservación que xa estaban presentes na de 1995, pero incorpora novidades clave que afectan directamente á xestión dos pazos como elementos singulares do patrimonio arquitectónico, cultural e histórico de Galicia; e que fai que pensemos inmediatamente nesta normativa cando falamos de pazos galegos.

Esta lei nace o 4 de maio de 2016, e debemos analizar en primeiro lugar o artigo 10 no que establece unha definición das categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados. Segundo isto, os pazos poden encaixar como monumentos, lugares históricos ou de valor etnolóxico (se están ligados a acontecementos históricos ou tradicións) e incluso conxuntos históricos se forman parte dunha agrupación representativa da evolución dunha determinada comunidade que resulta un testimonio cultural significativo<sup>32</sup>.

---

<sup>30</sup> Ao mencionar o Pazo da Merced de A Pobra do Caramiñal atopámonos cun exemplo de edificio histórico do século XVI en estado ruinoso polo paso do tempo e por un incendio acontecido en 1983 que destruíu elementos de gran valor, como un retablo barroco do s. XVII e unha imaxe de devoción mariana. O estado actual do edificio preocupa á comunidade local, xa que ademais o seu valor aumenta porque foi lugar de residencia do escritor galego Valle Inclán entre 1917 e 1921 (temos constancia de que escribiu aquí as súas obras *Luces de bohemia* e *Divinas Palabras*). O pasado 2024 incluíuse na lista vermella de Hispania Nostra polo seu preocupante estado e a urxente necesidade de tomar medidas para a súa conservación.

Hispania Nostra. (s.f.). *Pazo da Mercé – Lista Roja del Patrimonio*. Recuperado o 24 de xuño de 2025, de <https://listaroja.hispanianostra.org/ficha/pazo-da-merce/>

<sup>31</sup> Castro Allegue, F. M. (2005) *Código del Patrimonio Cultural de Galicia*, op. cit., p. 72.

<sup>32</sup> Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 10:

Apartado 1A: *“Monumento: la obra o construcción que constituye una unidad singular reconocible de relevante interés artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico, industrial o científico y técnico”*.

Apartado 1C: *“Sitio histórico: el lugar vinculado a episodios relevantes del pasado, a tradiciones populares o a creaciones culturales singulares de interés histórico, paleontológico, siempre que esté relacionado con la historia humana, etnológico, antropológico o científico y técnico”*.

Apartado 1F: *“Lugar de valor etnológico: el ámbito en el que permanecen testimonios relevantes y reconocibles de actividades o construcciones vinculadas a las formas de vida y cultura tradicional del pueblo gallego que resulten de interés histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico o antropológico”*.

No artigo 2<sup>33</sup> observamos a integración do patrimonio cultural noutras políticas públicas. Isto facilita que os pazos poidan ser rehabilitados con finalidade cultural, turística ou educativa.

A continuación, no artigo 5, establece nocións relativas ao acceso da cidadanía, os seus dereitos e deberes. Tal e como se recollía na lei de 1995, é fundamental que os bens patrimoniais sexan accesibles. Esta actualización de 2016 estipula que ademais de ter o dereito de acceder e disfrutar dos bens, a cidadanía tamén ten a obriga de velar por ditos bens e cumprir os deberes establecidos nesta lei para a protección do patrimonio cultural de Galicia.

Unha novidade respecto á lei anterior é o artigo 13<sup>34</sup>. Na normativa de 1995 falábase da contorna de protección, pero nesta vemos que se crea a zona de amortecemento. Isto é clave para evitar a invasión do espazo rural do pazo por zonas novas e urbanizacións modernas que podan ameazar a súa integridade; xa que amplía a protección ao territorio que rodea o edificio e impide actuacións urbanísticas demasiado cercanas.

A lei tamén incorpora un novo instrumento, o Censo do Patrimonio Cultural de Galicia, que queda definido no artigo 14<sup>35</sup>. Aquí pódense incluír bens como os pazos que non estean catalogados nin declarados BIC pero que teñan importancia e certo valor cultural;

---

Apartado 1G: *“Conjunto histórico: la agrupación de bienes que conforman una unidad de asentamiento, continua o dispersa, con una estructura física representativa de la evolución de una comunidad que resulta un testimonio cultural significativo por interés artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, etnológico, industrial o científico y técnico, aunque individualmente los elementos que la conforman no tengan una especial relevancia”*. Boletín Oficial del Estado, nº147, 22/6/2016.

<sup>33</sup> Lei 5/2016, do 4 de Maio, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 2 apartado 3: *“Los poderes públicos integrarán la protección del patrimonio cultural en las políticas sectoriales de educación, investigación, ordenación del territorio, urbanismo, paisaje, conservación de la naturaleza, desarrollo rural y turístico, así como en aquellas que supongan la gestión del dominio público”*. Boletín Oficial del Estado, nº147, 22/6/2016.

<sup>34</sup> Lei 5/2016, do 4 de Maio, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 13 apartado 1: *“Podrá delimitarse un área alrededor de los bienes inmuebles declarados de interés cultural o catalogados y, en su caso, de sus correspondientes entornos de protección, denominada zona de amortiguamiento, con el objeto de reforzar su protección y sus condiciones de implantación en el territorio. La declaración de interés cultural o la catalogación del bien determinará el régimen de limitaciones o condicionantes en dicha zona de amortiguamiento, sin que esto suponga su calificación como bien declarado o catalogado”*. Boletín Oficial del Estado, nº 147, 22/6/2016.

<sup>35</sup> Lei 5/2016, do 4 de Maio, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 14 apartado 1: *“Los bienes y manifestaciones inmateriales del patrimonio cultural de Galicia, en tanto no hayan sido declarados de interés cultural o catalogados, se incluirán en el Censo del Patrimonio Cultural para su documentación, estudio, investigación y difusión de sus valores”*. Boletín Oficial del Estado, nº 147, 22/6/2016.

isto é crucial porque permite a súa visibilidade e futura protección, así como a súa documentación.

Como conclusión deste apartado, podemos dicir que a nova lei perfecciona os criterios xa iniciados na de 1995 ao definir mellor os tipos de bens protexibles (onde encaixan os pazos), engadir instrumentos como a zona de amortecemento e o censo, potenciar a participación cidadá e articular unha protección máis integrada co territorio.

Ademais do marco legal proporcionado polas Leis 8/1995 e 5/2016, existen tamén entidades e organizacións que contribúen activamente á protección dos pazos galegos, como é o caso da Asociación de Amigos de los Pazos. É unha asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, constituída en Vigo o 22 de marzo de 1972, de acordo coa Lei 191/1964, do 24 de decembro. Réxese na actualidade pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

Foi unha asociación que naceu co obxectivo de defender e difundir a arquitectura civil tradicional de Galicia que representan os pazos; polo que foi pionera neste eido. Ademais, en 1984 foron convidados ao Consello de Europa, onde recibiron un premio polo seu traballo no Camiño de Santiago.

### **2.1. Tratamento específico na lei galega**

A lexislación sobre o patrimonio cultural en España e en Galicia avanzou significativamente nas últimas décadas. Algúns bens, como os hórreos, acadaron un recoñecemento colectivo, mentres que outros, como os pazos, seguen sen un marco de protección claro, o que fai que se poda falar dunha posible discriminación patrimonial.

### **2.2. Discriminación patrimonial? O caso dos pazos e a súa declaración BIC**

O procedemento de conversión dun ben en BIC regúlase na Lei 16/1985 do 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español, concretamente nos artigos 9 e 10. Actualmente, esta é a máxima protección que pode ter un ben material ou inmaterial no Estado español.

Tamén pode complementarse con niveis adicionais de protección a nivel autonómico ou municipal, pero a categoría BIC é a máis alta a nivel nacional. Algúns exemplos de bens materiais declarados BIC son todos os castelos de España porque así se establece

expresamente na Lei estatal do Patrimonio Histórico Español (Lei 16/1985); esto quere dicir que solo polo feito de ser castelo según certos criterios históricos e funcionais xa están automaticamente protexidos de forma colectiva. Así mesmo sucede no caso dos hórreos na comunidade autónoma de Galicia, según o artigo 10.2 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural Galego<sup>36</sup>. A lexislación galega decidiu protexer colectivamente todos os hórreos tradicionais como BIC polo seu valor etnográfico, cultural e arquitectónico.

Esta consideración dos hórreos contrasta coa situación actual dos pazos, que non gozan da mesma protección a pesar de que, en numerosos casos, os hórreos forman parte do conxunto territorial dos pazos (como se mencionaba no artigo 44 da lexislación de 1995, e como máis tarde vemos na lexislación de 2016 ao incorporar o concepto de zona de amortecemento no seu artigo 13).

A pesar de que figuras importantes do mundo pacego como a presidenta da xunta directiva da Asociación Amigos de los Pazos, Dña M<sup>a</sup> Montserrat Maneiro Bofill, aseguran que os pazos galegos deberían ter ese nivel de protección legal, a realidade é que a declaración de BIC sería de alta controversia e mesmo complexidade. Por un lado, a inclusión dos pazos como BIC faría máis visible o seu valor na sociedade e a comunidade local, promovendo o respecto e a concienciación patrimonial nun momento no que esta arquitectura se atopa en estado de olvido. Dña M<sup>a</sup> Montserrat maneiro afirmou:

“O estado actual do pazo galego é crítico, a arquitectura do pazo atópase nun momento de transición e falta máis divulgación, que está na nosa man; polo que deberían considerarse todos BIC”<sup>37</sup>.

Os beneficios de nomear aos pazos galegos BIC de forma colectiva son variados. Isto significaría que terían unha protección legal asegurada para evitar un abandono ou

---

<sup>36</sup> Lei 5/2016, do 4 de Maio, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 10.2: “*Todos los hórreos, cabaceiros, eira e alpendres tradicionales [...] tienen la consideración de Bien de Interés Cultural.*” Boletín Oficial del Estado, nº 147, 22/6/2016.

<sup>37</sup> Declaración sacada dunha entrevista da autora do traballo á propia presidenta da Asociación Amigos de los pazos, Dña M<sup>a</sup> Montserrat Maneiro Bofill, o 27 de febreiro de 2025 na oficina da súa asociación na cidade de Vigo.

unhas transformacións e reformas agresivas que poidan borrar dalgunha forma o seu valor histórico-artístico. Tamén poderían recibir un valor cultural e un estatus oficial como patrimonio galego, reforzando a identidade, historia e arquitectura de Galicia (igual que se valora o hórreo como símbolo rural).

Por outra banda, as desvantaxes son algo que tamén pode xerar esta declaración legal. En primeiro lugar as limitacións para os propietarios privados, que poden ser nos primeiros que pensamos ao falar das partes negativas da calificación de BIC. Moitos pazos están en mans privadas, e a imposición dunha regulación estricta podería xerar tensións cos propietarios que desexen facer cambios no edificio e nos arredores. Os propietarios privados poderían verse desincentivados a restaurar e manter os pazos se a protección implica restriccións importantes ou custes elevados.

Tamén debemos ter en conta a lentitude administrativa no referido a estas xestións do patrimonio; o que pode provocar que os propietarios e os inversores desistan do proceso. Ademais, algúns pazos teñen situacións legais complexas (herdanzas sen resolver, propiedades compartidas, etc), o que dificulta tanto a súa declaración como a súa xestión unha vez son BIC.

En coherencia con isto, existe o risco de que non se atopen usos sostibles nin rentables para o pazo, polo que pode acabar protexido na lexislación pero sen vida. Neste caso, a opción máis axeitada sería recurrir a un uso turístico, pero se se fai sen unha xestión coidada poden caer en usos que desvirtúen o seu valor histórico; que é o motivo clave que debe primar neste trámite.

En definitiva, o patrimonio arquitectónico galego, que inclúe unha gran variedade de elementos que xa mencionamos (hórreos, pazos...) representa unha herdanza cultural que fala da historia e identidade de Galicia. Non obstante, estes compoñentes atópanse nunha situación complicada que demanda unha atención inmediata, especialmente en termos da súa conservación e adaptación ás demandas actuais.

A pesar da súa importancia cultural, os pazos atópanse nunha situación de desprotección real. A declaración colectiva de todos os pazos galegos, aínda que é un paso importante para a súa conservación, non sempre garante unha protección efectiva nin unha

adecuación ás características e necesidades específicas destes edificios. As esixencias legais para a súa conservación son, na maioría dos casos, demasiado restrictivas e non teñen en conta a diversidade de circunstancias que presenta cada pazo. Isto provoca unha falta de flexibilidade legal, dificultando que se leven a cabo proxectos de restauración no edificio; sobre todo cando as intervencións non se adaptan á realidade do pazo en cuestión.

A lentitude administrativa e a falta de axudas tamén colaboran no paulatino deterioro destes bens; pero tamén é importante recalcar a falta de sensibilidade social e coñecemento acerca da importancia dos pazos e do seu crítico estado actual en Galicia. Non só é necesario que as administracións públicas asuman un rol máis activo na protección dos pazos, senón que tamén se debe fomentar unha maior implicación cidadá e formación sobre o valor cultural e histórico destes bens.

Como conclusión deste apartado, podemos dicir que o caso dos pazos na lexislación é máis complexo do que parece a priori e, aínda que non se trate estritamente dunha discriminación patrimonial polo feito de que non sexan BIC como os hórreos, si podemos falar dunha certa discriminación no que respecta a que non contan con medidas de protección axeitadas ás súas características e necesidades. É fundamental realizar unha revisión da lexislación actual en materia de patrimonio para poder elaborar unha denominación máis específica para a arquitectura pancega; unha que permita garantir a súa preservación e intervención na Galicia contemporánea pero sen perder a súa esencia e valor histórico e artístico.

Os pazos atópanse nun momento de transición na súa historia, e só cunha revisión efectiva e reactivación da lei podemos asegurarnos de que sigan xogando un papel central na nosa cultura e sociedade durante os séculos vindeiros.

### **3. Análise histórico-artístico do Pazo da Merced de Ferrol**

#### **3.1. Edificio histórico: fundación e evolución na ría de Ferrol**

O Pazo da Merced, tamén coñecido como *Pazo da Mercé*, é unha construción ubicada no concello de Neda; concretamente no interior da Ría de Ferrol (*fig.2*) ao pé do Camiño Real que ten este fragmento coincidente co Camiño de Santiago.

No que respecta á súa cronoloxía, cómpre situar o inmovible no século XVIII. Foi na década de 1700 cando chegou a Ferrol o comerciante rioxano D. Francisco Antonio Somalo, quen, seguindo o consello do seu irmán (un párroco das terras de Neda), decidiu viaxar dende Matute (Logroño) e establecer unha fábrica de curtidos no lugar da Florida, entre o Camiño Real e as augas da ría de Xubia<sup>38</sup>.

Desta forma nace a fábrica de curtidos *La Florida*, nunhas instalacións que, seguindo o estilo dos centros fabrís do século XVIII, responden a un deseño que se sitúa a medio camiño entre unha casa señorial e un recinto industrial<sup>39</sup>. Desta época tamén se conserva unha capela anexa barroca adicada á Virxe da Merced (*fig. 3*) que conservamos na actualidade.

Debemos destacar que ata o século XIX hai certo vacío documental, pero a mediados de século D. Pascual Madoz (2002) menciona catro tenerías na zona, e ofrece unha definición da fábrica *La Florida*:

“El terreno de Neda es de buena calidad, y sus caminos locales enlazan con el que desde la fábrica de Jubia se dirigen al Ferrol [...] IND: la agrícola, cuatro tenerías, entre ellas la Florida cuyo edificio moderno situado en la ría tiene la fachada de cantería y una rampla que sirve de muelle para las embarcaciones de la propia fábrica”<sup>40</sup>.

Antonio Meijide Pardo (1998) recalca o éxito do negocio de Somalo:

“El alto nivel de productividad alcanzado por esta tenería convirtió a Somalo en uno de los terratenientes más opulentos de la comarca. En el inventario de bienes (realizado en 1814) se hizo constar que el valor del industrial riojano en fincabilidad rústica superaba en el municipio de Neda los 150.000 reales, Y su patrimonio en los de Narahío, Ferrol y Sillobre sería tasado por los peritos en 53.850, 49.360 y 42.290 reales, respectivamente”<sup>41</sup>.

---

<sup>38</sup> Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol [1783-1956]*, Sada, A Coruña Edicións do Castro, p. 93.

<sup>39</sup> *Ibidem*, p. 94

<sup>40</sup> Madoz, P. (1849). *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, tomo XII, p. 147.

<sup>41</sup> Para máis información consultar: Meijide Pardo, A. (1998). “Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana”, *Anuario Brigantino*, Ayuntamiento de Betanzos, nº 21, pp. 167-182, para nota espec. p. 181.

O edificio, que ocupaba un fronte de 40 varas por 24 de fondo, foi valorado en 82.970 reais; os xéneros manufacturados, utensilios e existencias de materias primas tasáronse en máis de 332.000 reais<sup>42</sup>.

Trala Guerra de Independencia, a filla primoxénita do fundador, Damiana Somalo, casou en 1812 co célebre mineraloxista Juan Adam Pensel<sup>43</sup>, polo que a propiedade pasa ás súas mans. Tras o falecemento do señor Pensel en 1832 sen descendencia, faise cargo do establecemento D. Tomás Cebreiro, quen traballaba na dirección do mesmo. Foi neste momento cando a propiedade é reclamada con éxito polos fillos do párroco irmán de D. Francisco Antonio Somalo grazas á concesión real<sup>44</sup>.

Os fillos do párroco de Neda tamén morren sen descendencia e xusto nese contexto a propiedade atravesa un período de crise, ao igual que as demais industrias da comarca en torno a 1870. Foi nesa década cando o daquela propietario, D. Francisco Cebreiro Seoane, emigra como moitos galegos da época a Cuba, onde permanece ata 1898. A curtería nestos momentos xa non cotiza na Contribución Industrial, aínda que todavía ten recursos para seguir funcionando (toda a ribeira de Neda, Perlío e Xubia era propiedade do pazo)<sup>45</sup>.

A mediados do século XIX o pazo convértese nun convento franciscano e neste período da súa historia a súa dirección está en mans de Dna. María Barros (sabemos que a súa educación e a súa estreita relación coas monxas franciscanas vai ser clave para que o pazo sobreviva no tempo mediante este período de uso relixioso, pero descoñecemos o papel exacto de Dna. María Barros, xa que non sabemos se era profesora, ou simplemente patrocinadora)<sup>46</sup>.

---

<sup>42</sup> A.C.N, Prot. (Ferrol), leg. 1.727, fols. 64-83. Citado en: Meijide Pardo, A. (1998). “Entre 1770 y 1814...”, *op. cit.*, p. 181.

<sup>43</sup> Técnico mineraloxista no Departamento da Marina de Ferrol e orixinario de Baviera. Neses anos a curtería alcanza bastante prestixio ao contar cun técnico especialista na siderurgia, chegando a competir incluso con empresarios da comarca de Ferrol como J. Lestache. Véxase para máis información: Meijide Pardo, A. (1996). “Descubrimiento y explotación de las calizas de Moeche por el mineralogista alemán J.A. Pensel: 1806-1818”, *Anuario Brigantino*, nº 9, pp. 171-183.

<sup>44</sup> Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol [1783-1956]*. *op. cit.*, p. 93.

<sup>45</sup> *Ibidem*: p. 93.

<sup>46</sup> Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol [1783-1956]*. *op. cit.*, pp. 93-94.

En 1925 a propiedade pasa a mans do seu fillo D. Francisco Cabrear Barros, coñecido popularmente como “Paco o do pazo da Merced”, cando habería xa varios anos en que o uso relixioso tivera rematado (son datos que descoñecemos). Máis tarde a propiedade pasa a D. Eduardo, un médico moi coñecido no concello por axudar desinteresadamente aos habitantes de Neda<sup>47</sup>.

Finalmente, a propiedade comprouna D. Alfredo Alcalá Navarro en 1978, que decidiu restaurar e rehabilitar o pazo para a súa conservación; do que falaremos máis adiante.

Polo tanto, podemos establecer unha diferenciación da cronoloxía do conxunto arquitectónico en tres etapas:

Unha primeira etapa como asentamento rural, á que asociamos esa estrutura planimétrica en forma de 7 cara á dereita con dous patios (exterior e interior); unha segunda etapa como fábrica de curtidos, que aproveita o espazo existente ao estilo fabril do século XVIII, onde se produce unha síntese entre zona residencial e recinto de traballo, e que dá lugar ao pazo da Merced<sup>48</sup>; por último, nos últimos anos do século XX, unha terceira etapa como rexurdimento do conxunto pacego da man do arquitecto Alfredo Alcalá, convertido en Pazo-Hospedaría de Turismo Rural. Grazas á intervención e recuperación das vellas estruturas que levou a cabo A. Alcalá podemos coñecer mellor a orixe e parcialmente o aspecto que terían os diferentes edificios no seu conxunto nos séculos XVIII e XIX. Porque este arquitecto foi unha figura clave para o estudo da súa historia e a formulación de diversas hipóteses do seu aspecto orixinario, que estudiaremos nos apartados que se expoñen a continuación.

Debemos analizar meticulosamente a ubicación do pazo, fundamental para chegar a comprender a súa historia. Ao contrario que outras fábricas da zona, a curtería de *La Florida* é unha adaptación dunha estrutura xa existente que vai condicionar ao inmovible.

A través dos planos esquemáticos ou debuxos interpretativos (*fig. 4*) realizados por Alfredo Alcalá podemos levar a cabo unha análise do conxunto agrícola e sobre todo na

---

<sup>47</sup> *Ibidem*, p. 94.

<sup>48</sup> *Ibidem*, p. 100.

súa conversión en recinto fabril no século XVIII. O espazo distribúese entre a zona residencial e a zona de tenería, constituindo dúas unidades independentes con zonas e elementos estruturais comúns como o acceso marítimo e o patio interior.

No esquema podemos ver as entradas indicadas coa letra A, diferenciando o acceso interior (que daría ao Camiño Real) marcado como A1 e o acceso natural cara á ría como A2; o que permite ao recinto da fábrica gozar de autonomía<sup>49</sup>. O patio interno aparece marcado como B, e a continuación o externo como C; da mesma forma unha pequena zona axardinada fronte á capela (J) e ante a fachada principal do pazo que mira cara á ría aparece marcada como D.

Os lugares destinados á curtición (*fig.5*) estaban ubicados nos pavillóns F (no esquema pódese ver como entrada á zona dos pozos), e neste caso é o pavillón dos empregados (E) o que actúa como elemento unificador entre as diferentes instalacións de traballo<sup>50</sup>. É importante ter presente que este edificio pode datar do século XVI (datación considerada por Alfredo Alcalá), un pavillón que en calquera caso debeu ter usos agrícolas pervios incluso residencias, para logo ser destinado a vivendas dos empregados da fábrica unha vez que se adecúa o conxunto para a fábrica *La Florida*; o nacemento da curtería debeu estar polo tanto condicionado por este módulo residencial destinado a empregados, marcando o desenvolvemento de todo o conxunto fabril. É unha edificación de pranta rectangular moi alongada, cunha gran balconada e ventanais que permiten unha óptima luminosidade interior; aínda que algúns ocos pervivirían da etapa agraria previa, outros serían abertos na etapa de conversión fabril ao igual que a disposición da gran balconada. Cabe recalcar que é bastante sobrio, acorde co resto do espazo; só podemos destacar a estereotomía dos seus perpiaños que reforza o seu marcado sentido horizontal (*fig.6*).

A continuación, a zona de ribeira (marcada como G) estaba situada na entrada de augas que chegaban dos manantiais propios da finca. Estaba ubicada ao carón do patio de traballo, xunto ao portalón superior ou entrada do recinto (A2). A hipótese do aspecto

---

<sup>49</sup> Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol 1783-1956, op. cit.*, p. 94

<sup>50</sup> *Ibidem*, pp. 94-95.

interior sería un pequeno edificio<sup>51</sup> cunha mesa de pedra, pozos e todo o necesario para realizar a limpeza e o proceso de curtimenta.

Na parte inferior do patio pechado, orientados ao nordeste, atópanse os restos dos antigos secadoiros, que en orixe serían dous edificios rectangulares que actuarían ao modo de “hórreos” elevados, necesarios para a preceptiva ventilación da curtería (marcados cunha H)<sup>52</sup>. Están ubicados no nordeste, e isto levou a Alfredo Alcalá a plantexar a hipótese de que tal ubicación respotara a necesidade de aproveitar os ventos que favorecerían o traballo de secado; en realidade, a única certeza é que nos traballos de restauración do equipo de Alcalá atopáronse restos de cimentación na parte inferior do patio, xunto á muralla leste.

Outra incógnita é a localización da área de almacenaxe, tal vez ubicada no patio interno ou no sector noreste entre os dous edificios de secado do recinto da fábrica. O muíño de cortezas ocuparía calquera espazo reducido<sup>53</sup>.

Por último, debemos destacar a casa principal ou casa dos propietarios, (*fig. 7*) marcada cunha I, que forma unidade co espazo anterior. Consiste nunha peza de cantería simétrica cunha fachada con balconada que mira directamente ao mar e cun espazo axardinado diante. Na súa parte esquerda, en ángulo e pechando cara o oeste a terraza axardinada que se dispón diante da cara principal cara á ría, sitúase a capela barroca de advocación mariana que da nome ao pazo (Virxe da Mercede), cunhas proporcións reducidas; precisamente a súa ubicación e accesos obrigaron a obviar a orientación canónica de xeito que o altar se dispón cara o oeste e a entrada principal (que se abre á terraza) cara ao leste. Anexa a esta capela apareceu pombal. Esta parte do edificio foi realizada no século XVIII por inxenheiros militares que estaban traballando ao mesmo tempo na construción do barrio da Magdalena en Ferrol<sup>54</sup>.

María José López (2002) definiu exiguamente a estrutura da casa principal:

---

<sup>51</sup> Justino Fernández Negral refírese a él como “cabanón”, polo que entendemos que era un espazo similar a unha cabaña de reducidas dimensións. Máis información en Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, *op. cit.*, p. 97.

<sup>52</sup> Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol 1783-1956*, *op. cit.*, p. 94

<sup>53</sup> *Ibidem*, p. 94.

<sup>54</sup> Alcalá, A. “Memoria da reforma e adaptación do pazo-hospedería da Merced 1991”, p. 1.

“Está situada a la orilla del mar, frente al Priorato de San Martín. Es una hermosa y sólida construcción de sillería, con capilla bajo la advocación de Nuestra Señora de la Merced. Un hijo del fundador, D. Francisco Antonio Sómalo, es cura y rector de Santa María de Neda...” (p.100)<sup>55</sup>.

É importante mencionar que a capela xa estaba cando o pazo era unha fábrica, polo que foi un elemento que propiciou a conversión paulatina do edificio en uso relixioso franciscano e máis tarde o retorno a un pazo señorial; este tipo de capelas denotaban un sentido prestixioso, xa que servían para a devoción relixiosa dos propietarios e dos empregados (dobre función relixiosa e tamén simbólica e social como sinal de distinción e poder económico).

Esta capela en concreto é moi modesta, cunha estrutura de pranta cadrada e reducida realizada en sillería (*figs.8 e 9*). Na fachada de pedra destaca na parte superior unha espadana con dúas pequenas volutas que remarcan ese paso á zona do vano cunha campá, ademais dun remate redondeado sobre o que se erixe unha cruz.

No interior, destacamos un teito de madeira a dúas augas e unhas escaleiras que levarían ao lugar do coro alto, tamén moi reducido e de madeira (*figs.10 e 11*).

É evidente que a capela é unha obra dunha fábrica moi humilde. Carlos Pena Buján (2002) afirma:

“Ni siquiera creo posible que los dueños originales del pazo pudiesen pertenecer a una cultura de élite con suficiente información o formación como para comprender un papel estético ligado a la imagen, que verían más como objeto de culto y veneración, en tanto que símbolo y objeto sagrado –o para ser más exactos, sacralizado–, que como empresa artística, toda vez que la región geográfica en que nos encontramos nunca contó con escultores de una calidad mínimamente destacable.” (p.144)<sup>56</sup>.

O antigo retablo (*fig. 12*) foi restaurado pola historiadora e restauradora Dna. María García-Alén cando Alfredo Alcalá comprou a propiedade.

---

<sup>55</sup> Para máis información consultar en: Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol [1783-1956]*, pp. 92-94.

<sup>56</sup> Para máis información consultar: Pena Buján, C. (2002). “Resucitando un viejo pazo, Alfredo Alcalá y el Pazo de la Merced”, *Revista de Neda*, Nº5, pp. 143-151.

Podemos observar que o retablo actual (*fig.13*) ten unha estrutura dividida en tres rúas verticais, das cales resalta a central (maior tamaño e xerarquía) por ter a imaxe da advocación principal, que neste caso é mariana (Nosa Señora da Merced que aparece co neno en brazos).

A Virxe aparece franqueada por sendos santos: o do lado do evanxeo cun hábito marrón que aparece portando a cruz e os estigmas é san Francisco de Asís.

A segunda imaxe, no lado da epístola, está relacionada coa orde dos mercedarios; probablemente se trate de san Pedro Nolasco, debido á súa importancia como fundador da orden da Merced. Se observamos os seus atributos, vemos un cordón branco que é franciscano e que debería levar san Francisco; este é un problema bastante común nos retablos: as imaxes de vestir a miúdo aparecen con hábitos ou elementos intercambiados.

Cómpre enfatizar no material do retablo, realizado en madeira policromada, xa que este material permite que as imaxes resulten máis realistas ao posibilitar unha execución dos detalles moito máis minuciosa.

Volvendo á datación do retablo, poderíamos encadralo con exactitude nas dúas primeiras décadas do século XIX, xa que así o indican o avance das columnas da rúa central e a organización do ático<sup>57</sup>.

Desta forma, casa principal, a capela e a zona axardinada dianteira forman unha única estrutura unida que nada ten que ver co resto do espazo do establecemento. É un dos mellores exemplos de fábrica e casa señorial que foi evolucionando paulatinamente ata converterse nun pazo.

---

<sup>57</sup> Comentario feito por Juan Alcalá nunha entrevista persoal con esta autora o 19/6/2025 na cidade de Ferrol.

### 3.2. Estado de conservación do pazo a finais dos 70

En maio de 1978 o arquitecto cidadarealeño Alfredo Alcalá comprou a propiedade do pazo da Merced en Neda. Ata ese momento, o propietario do inmovible fora o médico Francisco Cebreiro Barros (concretamente dende 1925). Non obstante, segundo Juan Alcalá (un dos fillos maiores do arquitecto), o médico permitía que numerosas familias de escasos recursos ou con fillos enfermos vivisen no edificio<sup>58</sup>. Chegaron a convivir ata once familias na propiedade, o que sumado ao escaso mantemento, provocou que nas décadas previas a 1978 o pazo presentase un aspecto ruinoso e de abandono (*fig.14 e 15*), chegando a ser incluso un perigo para as familias que malvivían nel.

Juan Alcalá recorda o estado das diferentes zonas do pazo:

“La zona posterior se mantenía más o menos bien, pero la casa principal estaba en un estado muy ruinoso; el techo estaba prácticamente destruido y era una zona solo con vigas y muros. Recuerdo que los suelos de madera estaban afectados por la carcoma, en la zona posterior casi no se podía pisar porque se movía toda la estructura y parecía que se iba a venir abajo. La capilla también estaba afectada, tuvimos que volver a hacer el techo (*fig.16*) porque estaba en muy mal estado.”<sup>59</sup>.

### 3.3. Criterios de conservación e restauración

Para abordar a análise da restauración do pazo levada a cabo por Alfredo Alcalá cómpre entender previamente a visión e o percorrido deste arquitecto. O seu ingreso na Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid (ETSAM) resultou especialmente singular, xa que, ao contrario da maioría dos seus compañeiros, carecía de formación previa nos fundamentos básicos da disciplina. Isto non lle impediu destacar xa dende o segundo curso como un estudante con ansias de aprendizaxe, guiado pola súa paixón constructiva. A pesar de partir cunha base menos sólida cós demais, soubo superar as dificultades iniciais grazas ao seu esforzo e dedicación constante.

---

<sup>58</sup> Comentario feito nunha entrevista persoal o 19/6/2025 na cidade de Ferrol. Agradezo a Juan Alcalá e a todo o persoal do pazo da Merced o seu tempo e colaboración.

<sup>59</sup> *Idem*.

Alcalá tivo unha clara fascinación na carreira por unha asignatura optativa denominada “Restauración de monumentos”, e cursándoa aprendeu de arquitectos como Francisco Javier Sáenz de Oíza que unha restauración non debía ser totalmente mimética, senón que tiña que existir certo respecto polas zonas antigas do edificio. Oíza influíu moito nos criterios arquitectónicos e restauradores que máis tarde desenvolvería Alcalá, baseándose na crenza de que un bo restaurador diferencia entre o que debe restaurar e o que debe construír; e que ao engadir un edificio novo a un antigo debe ser en consonancia, empregando materiais e técnicas actuais con criterio (marcar a diferenza entre o novo do antigo).

Por outro lado, todos os seus proxectos, dende que estaba na Escola de Arquitectos ata os últimos anos previos á súa xubilación, estiveron marcados pola importancia que el lle daba ao espazo e á luz. Desta forma, Alcalá optaba por crear en numerosos edificios patios e lucernarios. El mesmo afirmaba que os seus compañeiros puxéronlle o alcume de “Alfredo picapiedra” pola súa fixación en labrar o espazo arquitectónico como se fose escultura<sup>60</sup>.

Estas características da súa época de aprendizaxe tradúcense na súa gran obra: a rehabilitación do pazo da Merced.

Nun primer momento a idea de Alcalá era adquirir o edificio como domicilio persoal para el e a súa familia (*fig. 17*). O seu fillo explica que Alfredo quería empregar a casa principal como vivenda e crear un despacho para traballar na zona posterior (no pavillón do s. XVI). Ademais, planeaba crear na zona posterior un xardín con establos, adegas e espazos para animais (especialmente cabalos).

O pazo abriuse ao público nun momento de auxe do turismo rural. Esta foi unha decisión da familia Alcalá para garantir o mantemento económico do inmovible e, ao mesmo tempo, crear un hotel de turismo rural que permitise dar a coñecer un pouco da historia ferrolá (foi a primeira casa de turismo rural da provincia de A Coruña). Pódese afirmar, polo tanto, que non foi algo premeditado, senon que foi unha idea que xurdiu

---

<sup>60</sup>*Alfredo: Conversas no pazo* (2023), Guión e entrevistas: Manuel Amable Romero Pérez e José Manuel López Pérez. Realización: Manuel Caldevilla e Iris Productions. Delegación de Ferrol do COAG Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

de xeito espontáneo por parte de A. Alcalá aproveitando a crecente demanda de visitantes.

Conservamos algunhas citas de Alfredo Alcalá (1993) falando da rehabilitación do conxunto:

“A meirande aportación á rehabilitación foi a súa propia ubicación en relación con centro de Ferrol e unha bisbarra de uns douscentos mil habitantes que nos permitiu situar dentro do programa a miña propia vivenda, de familia numerosa, meu despacho profesional e, en convenio con Xunta o desenvolvemento dun equipamento de turismo rural con cinco cuartos para hotel como prolongación da propia vivenda e como axuda para a mantenza do conxunto”<sup>61</sup>.

Os principios de restauración de Alcalá foron moi persoais, o que suscitou bastantes críticas. El entendía que, para alargar a vida da construción, era imprescindible conectar o pasado co presente. Por iso, procurou conservar o xa existente todo o posible e engadir elementos moi actuais, coa intención de conseguir un conxunto harmónico onde as diferentes partes quedasen integradas. O que máis destaca na súa visión é a crenza de que cada edificio é un reto único; para este arquitecto, cada obra debe ser singular e ter unha identidade propia<sup>62</sup>.

Debemos comprender que o arquitecto non contaba cun proxecto definido dende un comezo; é dicir, antes de acadar o resultado final creou diferentes bosquejos e planos que iba modificando practicamente cada día. Juan Alcalá lembra o *modus operandi* do seu pai:

“Mi padre se guiaba por su pasión creadora, no tenía una idea fija; sino que iba cambiando sus bocetos según se le ocurrieran nuevas ideas para rehabilitar el pazo. Tenía mucha facilidad para el dibujo, y me acuerdo que a veces íbamos a comer fuera y en la

---

<sup>61</sup> Alcalá Navarro, A. (1993), “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. En *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG*, Neda, n.º 22, pp. 3-160, espec. p. 25.

<sup>62</sup> Pena Buján, C. (2002). “Resucitando un viejo pazo: Alfredo Alcalá y el pazo de la Merced”, *op. cit.*, p. 145.

servilleta del restaurante dibujaba algo porque se le venía a la cabeza y luego la llevaba a casa para pasarlo a limpio en su despacho”<sup>63</sup>.

Debido a esa faceta creativa de Alcalá, non se conservan todos os bosquejos que realizou sobre como abordar a restauración do pazo, xa que a maior parte se perdeu e, ademais, eran moi numerosos. Porén, grazas aos seus fillos, hoxe aínda se conservan algúns destes debuxos.

Se analizamos os bosquejos, podemos observar que Alcalá tiña unha idea xeral para pechar a característica forma en “L” do pazo, mediante a incorporación dun novo pavillón e dun muro na parte posterior. Con esta intervención, pretendía configurar un patio interior protexido e unha estrutura pechada de planta rectangular (*fig. 18*). O pavillón que quería engadir consistía nunha estrutura cuberta a dúas augas, con pilares que delimitaban un espazo aberto, en consonancia coa casa principal, que tamén se distinguía por ese deseño diáfano con soportes. Pola contra, no pavillón do século XVI non reproduce esta solución, senón que opta por unha restauración respectuosa coa súa configuración orixinal.

Neses debuxos destaca tamén unha clara preferencia por rematar as fiestras en forma cadrada e pola utilización de pilares que contribúen a crear unha sensación de amplitude (*fig. 19*). Ademais, obsérvase que na entrada do pazo (no patio exterior) tiña previsto incorporar un xardín cunha fonte circular no centro, destinada a achegar harmonía e equilibrio ao conxunto arquitectónico (*fig. 20*).

Por último, conservamos un debuxo onde incorpora un almacén e unha especie de aparcadoiro subterráneo ao seu carón<sup>64</sup> (*fig. 21*).

---

<sup>63</sup> Comentario feito nunha entrevista persoal o 19/6/2025 na cidade de Ferrol.

<sup>64</sup> Este debuxo foi interpretado así polo seu fillo Juan Alcalá nunha entrevista persoal o 19/6/2025 na cidade de Ferrol.

Como conclusión, podemos afirmar que o traballo de Alfredo Alcalá estivo, dende o primeiro momento, marcado por un estilo propio e moi persoal. Nos bosquexos e debuxos conservados obsérvase que, xa desde o inicio, optou por unha restauración pouco conservadora, orientada a crear unha síntese entre tradición e modernidade. A súa forma de traballar exemplifica esa vitalidade arquitectónica que o acompañou dende os seus inicios na Escola de Arquitectura: sen partir dun proxecto fixo, desenvolvía o proceso de maneira flexible, adaptando e reformulando as súas ideas a medida que avanzaba, guiándose unicamente polas súas propias intuicións e pola súa paixón creadora.

#### **3.4. Resultados de abordaxe e criterios comparativos**

Unha vez analizados algúns dos bosquexos de Alcalá sobre a intervención no pazo, podemos examinar meticulosamente o resultado final levado a cabo dende mediados dos anos 80 ata a década de 1990, cando o edificio abriu ao público como o primeiro Pazo-Hospedería de Turismo Rural da provincia da Coruña.

Cómpre destacar novamente os estudos realizados por Alfredo Alcalá durante as obras, que permitiron aportar claridade sobre o pasado fabril do pazo. Nas escavacións e intervencións de restauración apareceron restos das antigas zonas de curtición (*fig. 22*), grazas aos cales o arquitecto puido elaborar planos interpretativos sobre o uso de cada espazo (*fig. 23*) na antiga fábrica de curtidos *La Florida* (como o que analizamos anteriormente). Estes descubrimentos permanecen hoxe á vista, pois Alfredo Alcalá decidiu conservarlos na súa localización orixinal para amosar aos visitantes o pasado do pazo.

A intervención comezou polos espazos exteriores: o pombal e o xardín interior foron habilitados como zonas de almacenaxe e lavandería (*fig. 24*), entre outros usos. O pombal foi restaurado inicialmente como almacén (*fig. 25*) e, máis adiante, Juan Alcalá instalou un cristal con vistas á ría para empregalo como obradoiro de cerámica particular (*fig. 26*).

No momento en que compraron a propiedade, o fillo de Alcalá asegura que no patio interior había un xardín con plantas medicinais pertencente ao antigo médico D. Eduardo. Durante a restauración, colocouse unha piscina nese espazo, que actualmente segue en uso (*fig. 27*).

Outro aspecto que merece ser destacado é o resultado final do patio interno, pavimentado e con catro laranxeiras presidíndoo; unha evocación ás raíces castelás do arquitecto e da súa muller (se ben tamén téñase en conta que xa na primeira metade do século XV o arcebispo don Lope de Mendoza, procedente de Sevilla, importou tamén a práctica do cultivo de laranxeiras con fins igualmente ornamentais nos xardíns do pazo arcebispal compostelano). Deste xeito, créase un pequeno espazo, á vez pechado e aberto, que dá a benvida ao visitante e que está perfectamente enmarcado polos pavillóns en forma de “L” (*fig. 28*). Por outra banda, Alcalá pechou o conxunto cunha estrutura metálica a modo de soportal, que enmarca e indica o lugar polo que se accede á construción.

Sen dúbida as zonas que estaban peor conservadas eran os pavillóns, que foron restaurados de forma paulatina. O pavillón do s. XVI que fora a antiga vivenda dos empregados da fábrica foi conservado practicamente sen ningunha actualización nin engadidos contemporáneos, e dende un primeiro momento emprégouse como vivenda para a familia Alcalá (*fig. 29 e 30*). Porén, a casa principal do século XVIII foi a intervención máis complexa (*fig. 31*): o teito atopábase completamente destruído e existían zonas nun estado extremadamente ruinoso, conservándose a penas as vigas e os muros. No exterior o arquitecto optou por aplicar o criterio da anastilose, reutilizando os restos da antiga tella e recolocándoos nalgúns zonas, agás na fachada, onde se empregaron materiais novos:

“O pavillón do século XVI atopábase cunha estrutura de madeira aceptable para ser reconstruída co que a limpeza e o reforzo da mesma non requiriron ningún deseño especial, limitándonos a seguir os canons constructivos e estéticos da súa época. Pola contra o pavillón do século XVIII quedou reducido ás súas catro paredes de cantería sendo o seu académico deseño —ordenado e simétrico— respetado escrupulosamente así como tamén o seu concepto estrutural, se ben os sistemas constructivos axeitáronse á

nosa época e ó entorno tecnolóxico que nos rodea (construción de barcos e man de obra especializada nas tecnoloxías propias dunha cidade como Ferrol)”<sup>65</sup>.

Para comprender a estrutura do pavillón do s. XVIII debemos comenzar falando da intervención máis polémica que realizou o arquitecto: a integración dunha altura máis de cristal liso mediante a sobreelaboración do conxunto do tellado, establecendo así un xogo entre as fiestras totalmente lisas do piso inferior e as do primeiro piso, formadas cada unha delas por vinte cristais<sup>66</sup>. Isto altera completamente a anterior imaxe da arquitectura do pazo, creando unha sensación de amplitude dominada pola luz natural, que chega ao interior a través destes grandes ventanais de cristal. Ao mesmo tempo, estes ventanais provocan un efecto espello, reflectindo a imaxe do patio interior (*fig. 32*).

Debemos situar esta intervención nun momento no que a arquitectura estaba evolucionando cara solucións máis contemporáneas e atrevidas. Esta xeración de arquitectos quería continuar explorando unhas intervencións que daban aos edificios tradicionais unha ollada máis innovadora e actual.

Carlos Pena Buján (2002) valora esta intervención de forma positiva, posicionándose a favor de Alcalá e defendendo esa nova faceta que comezaba a emerxer como unha síntese entre tradición e contemporaneidade, ao mesmo tempo que rexeita o conservacionismo arquitectónico máis estrito:

“El tiempo y las necesidades, las costumbres y la sociedad son muchas veces quienes dictan qué es lo que se lega al futuro y de qué manera. En todo caso, en el pazo de la Merced parece ser una solución no solo bella y moderna, sino también pragmática y sensacional, *sensus stricto*. Quizás la polémica pueda resumirse en distinguir dos grupos: aquellos que ven el monumento como documento y aquellos que lo vemos como una obra de arte viva, dos posturas que tampoco tienen por qué ser antitéticas”<sup>67</sup>.

---

<sup>65</sup> Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”, *op. cit.*, p. 25.

<sup>66</sup> Pena Buján, C. (2002). “Resucitando un viejo pazo: Alfredo Alcalá y el pazo de la Merced”, *op. cit.*, p. 146.

<sup>67</sup> *Ibidem*, p. 147.

Polo tanto, debemos situar esta intervención xunto con outros casos controversiais como a rehabilitación do mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil (*fig. 33*) polos arquitectos Xabier Suances, Manuel Vecoña e Alfredo Freixedo. Ou mesmo a intervención tamén innovadora de Manolo Gallego Jorroto na rehabilitación do pazo dos Lemos en Chantada para servir de Casa da Cultura.

Nestes anos 80, España estaba asumindo a saída dun escuro período de corenta anos nos que permaneceu practicamente illada das correntes culturais europeas. Trala aprobación da Constitución Española en 1978, produciuse un paulatino despertar en todos os ámbitos. O campo da restauración e conservación patrimonial tamén experimentou un proceso lento e laborioso intentando alcanzar o nivel do resto de Europa, e a principios destes anos comezaba a amosar unha certa superación do período anterior.

En relación con isto, Concha Fontela San Juan (1997) explica a política de intervencións no patrimonio dos anos 80:

“Es imprescindible resaltar, en el momento de iniciar este análisis, que la transferencia de competencias desde el Ministerio de Cultura a la Xunta de Galicia era un hecho todavía muy reciente. Además, la ausencia de una normativa específica en cuanto a la conservación y protección del patrimonio -recientemente subsanada con la aprobación de la Ley del Patrimonio Cultural de Galicia publicada el 30 de octubre de 1996- permite establecer "a priori" que en esta etapa no puede hablarse todavía de una política general en cuanto a las intervenciones en el patrimonio ni se había abordado el estudio del patrimonio cultural heredado de un modo global. Esta rehabilitación debe incluirse dentro de un programa de actuaciones promovidas por una administración joven, de nueva creación, distante del aprendizaje fruto de la experiencia y del sedimento metodológico únicamente conseguido tras largos años de análisis de resultados y de auto-gestión”<sup>68</sup>.

A polémica restauración do mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil consistiu na colocación dunha gran lámina de vidro que substituíu á desaparecida ala norte do

---

<sup>68</sup> Fontela San Juan, C. (1997). “La rehabilitación de San Esteban de Ribas del Sil. Análisis y consideraciones”, *Porta da aira: Revista de historia del arte orensano*, nº 8, pp. 252-263, espec. p. 253.

claustro. Os arquitectos optaron por unha gran pantalla que crease un efecto espello reflectindo as outras zonas do claustro en vez de recrear esa zona (*figs. 34 e 35*).

Polo tanto, podemos afirmar que as tres intervencións arquitectónicas foron o resultado dun momento na historia da conservación patrimonial que deixaba atrás esa faceta conservadora e optaba por solucións innovadoras con materiais actuais, que promoveron unha lectura renovada do pasado a través do deseño contemporáneo. E xa no remate daquela década, debe ser citada a intervención rehabilitadora tamén novidosa e moderna levada a cabo polo arquitecto Iago Seara no mosteiro de San Martiño Pinario (futuro Museo Diocesán e Arquivo Histórico Diocesano de Santiago).

Continuando co pazo da Merced, a restauración non só incorporou o piso de arriba e os grandes ventanais de cristal, senon que na casa principal observamos un interior en concordancia co exterior. Na planta baixa (*fig. 36*) colocáronse espazos comúns como salóns (cunha superficie de 60m<sup>2</sup> cada un), que anteriormente estaban destinados a adegas e cortes para os animais. Alcalá buscaba crear dous salóns con ambientes e usos diferentes: o da zona da dereita convertido nun cuarto de estar-biblioteca e o segundo nunha gran sala destinada a reunións sociais, salón de xogos, etc., cun mobiliario máis dinámico. Ambos contan con lareiras e ademais ambas estancias complementáanse na fachada sur cunha galería con porche de tres paños sobre o xardín que aparece rematada en pedra e acristalada aportando unha gran luminosidade (*fig. 37*).

Nada máis entrar, destaca unha gran escaleira cunha pasarela de madeira suspendida no aire por estruturas metálicas, cun trazado curvilíneo que aparece xusto debaixo dun corredor desde o que se atende ás visitas e que comunica co patio interior (*figs. 38 e 39*). As escaleiras conducen ao primeiro piso (*fig. 40*), creando unha intercomunicación de gran luminosidade e continuidade espacial entre ambos niveis<sup>69</sup>.

No andar superior sitúanse os dormitorios para os hóspedes (*figs. 41 e 42*). Cada dormitorio conta con vistas á ría, e as rematacións dos teitos, dos chans, etc., foron

---

<sup>69</sup> Pena Buján, C. (2002). “Resucitando un viejo pazo: Alfredo Alcalá y el Pazo de la Merced”, *op. cit.*, p. 149.

realizadas con taboleiro laminar en todas as dependencias (*fig. 43*), deixando os paramentos verticais en pinturas lisas de cor, como no resto da edificación.

Polo que respecta aos materiais, Alfredo Alcalá (1993) destaca a importancia do emprego de combinacións versátiles e funcionais:

“O resultado foi o derivado do manexo de vinte toneladas de aceiro entre perfilería e chapas pregadas, completadas con madeiras naturais, taboleiro mariño, resinas epoxi e a axuda do menos é máis do vidro, que nos veu de permitir separa-lo menos posible os espazos continuos”<sup>70</sup>.

Como podemos ver, o emprego de estruturas metálicas é o máis destacable. O complemento sería o vidro, que se transforma na solución dominante, cun acabado esteticamente impecable en todo o edificio. Ademais, o arquitecto insistiu desde o primeiro momento en empregar madeira nos interiores, pero finalmente optou por taboleiro mariño, unha madeira típica das construcións navais (contrachapado que se emprega en embarcacións pola súa resistencia á humidade), elixida pola elevada humidade da zona do pazo<sup>71</sup>.

A cimentación realizouse mediante pantallas de formigón armado de 20 cm de espesor. Os tabiques interiores executáronse con fábrica de ladrillo oco de 8 cm, aínda que nalgunhas zonas colocáronse tabiques de dobre placa de pladur de 20 cm con illamento intermedio e tabiques sinxelos de pladur de 10 cm de espesor<sup>72</sup>.

No que respecta ao amueblamento interior, todos os espazos foron decorados polo arquitecto e a súa esposa:

“Por último o traballo persoal coa miña dona como administradora, ama de casa e deseñadora de oficio, permitiunos amoblar o conxunto cunha harmónica mistura de moblaxe de época con outra de deseños actuais, desde Mackintosh ata a última mesa de Alfredo Freixedo ou as sillas de Óscar Tusquets”<sup>73</sup>.

---

<sup>70</sup> Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”, *op. cit.*, p. 25.

<sup>71</sup> Información proporcionada verbalmente por Juan Alcalá a esta autora nunha das visitas realizadas ao pazo da Merced o 19/6/2025.

<sup>72</sup> *Idem.*

<sup>73</sup> Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”, *op. cit.*, p. 25.

O resultado foi a creación de dormitorios cun ambiente acolledor, onde o interiorismo responde a solucións persoais que integran mobiliario característico da época, como sofás curvos, teitos de vidro nos baños das estancias (*fig. 44*) e cores axeitadas que potencian a luminosidade. En conxunto, destacan cadeiras deseñadas por Mackintosh (*fig. 45*) combinadas con mesas de Alfredo Freixedo, espellos con marcos de estilo rococó acompañados de asentos de Óscar Tusquets, así como lámpadas dicróicas que achegan unha personalidade propia a cada espazo, mantendo ao mesmo tempo a coherencia estética en todo o edificio (*fig. 46 e 47*). Juan Alcalá define así a decoración interior realizada polo seu pai:

“Trátase dunha antoloxía do fragmento, na que a sucesión de continuidade de pequenos detalles acaba por configurar un conxunto arquitectónico que esixe ser descuberto lentamente. O amoblamento suma, en perfecto equilibrio, cabezais de influencia de Biedermeier con mesiñas de pausanto e reminiscencias de Chippendale”<sup>74</sup>.

Como conclusión deste apartado, podemos afirmar que a restauración do pazo da Merced por Alfredo Alcalá foi unha intervención desenvolvida de forma paulatina desde finais dos anos setenta ata a década de 1990, xa que nun primeiro momento a propiedade estaba destinada a ser a residencia da familia Alcalá.

Tanto nos bosquejos iniciais como no resultado final (co piso superior dotado de grandes ventanais e o coidado interiorismo das estancias) percíbese unha restauración afastada do conservacionismo estrito, orientada por principios profundamente persoais do arquitecto. Trátase dunha intervención que resultou moi polémica pola súa marcada vontade de fusionar innovación e tradición, unha tensión que domina o conxunto do edificio.

Aínda que hoxe en día este tipo de rehabilitacións e restauracións serían impensables en bens patrimoniais, debido á súa forte carga transformadora, debemos analizadas no seu

---

<sup>74</sup> Información proporcionada a esta autora por Juan Alcalá o 19/6/2025 nunha entrevista persoal no pazo da Merced.

contexto histórico: unha etapa na que España -e, por extensión, Galicia- saía dunha longa ditadura e trataba de incorporarse ás correntes culturais europeas, das que estivera illada durante décadas. E cunha clara vocación de modernidade, ao tempo que evitando a destrución do pasado; é dicir, entendíase que as estruturas históricas deben permanecer, pero adaptándose ás novas necesidades contemporáneas. Evitando ademais con isto calquera confusión ou equívoco no tocante á antigüidade real da intervención restauradora. Foi nese marco de transición e apertura onde xurdiron intervencións como a do pazo da Merced ou a do mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, que exemplifican unha época na que prevalece unha ausencia de una normativa específica e unhas rehabilitacións arquitectónicas promovidas por unha administración inexperta que estaba aínda en proceso de consolidación, e que condicionou tanto os métodos como os resultados.

## **Conclusiones**

Tras finalizar este traballo, podemos desenvolver varias conclusións:

En primeiro lugar, podemos afirmar que a arquitectura pacega se caracteriza pola súa diversidade, xa que a súa tipoloxía varía en función do medio e das condicións climáticas de cada comarca de Galicia. A pesar desta variedade, case todos os pazos galegos comparten elementos visuais como o blasón, que evidencian a súa conexión cos liñaxes da nobreza gallega. Polo tanto, debemos entender os pazos como inmobles estreitamente ligados á fidalguía, que xorden cando finalizan os conflitos bélicos dos señores feudais e se abandonan enclaves fortificados, como as torres, en favor de fogares palatinos que amosan prestixio social. Esta evolución vincula directamente aos pazos coa historia de Galicia e coa xenealoxía das familias nobres galegas, e tamén co sistema foral imperante no Antigo Réxime.

A importancia histórica da súa orixe, ligada a estes liñaxes nobres, increméntase cando observamos que a gran maioría dos pazos galegos se adaptaron ao paso do tempo para sobrevivir; polo que podemos dicir que se trata dunha arquitectura en constante evolución.

Por outro lado, a historia destas construcións destaca por un paulatino abandono debido a unha serie de transformacións económicas, políticas e sociais xa analizadas. Como consecuencia disto, moitos pazos chegaron ao século XX nun estado ruinoso, o que propiciou novas transformacións que permitiron que estas edificacións non acabaran destruídas. Este proceso de adaptación pon de manifesto a importancia dos pazos como elementos vivos da historia e do patrimonio galego.

Isto lévanos a examinar a lexislación e as normativas que amparan aos pazos dende os últimos anos. As principais leis que atopamos en Galicia en relación cos pazos son a Lei de 1995 e a súa actualización, a Lei de 2016. A pesar de que estas normativas arrojan claridade e tratan de establecer medidas para a súa protección, a realidade é que non funcionan correctamente para garantir a súa supervivencia, e o futuro dos pazos vese ameazado. Aquí podemos falar dunha discriminación patrimonial dos pazos galegos en contraste con outros inmobles como os hórreos que gozan de máis amparo; concretamente coa declaración de Ben de Interese Cultural. Esta cuestión provoca un debate en torno a se este tipo de bens deben ser BIC ou non, pero tras analizar anteriormente esta declaración, observamos que é máis complexa do que pode parecer e que non se axusta correctamente á realidade dos pazos porque pode provocar máis inconvenientes en relación coa saturación administrativa (unha declaración masiva de BIC supón unha carga burocrática e de recursos para a Administración) ou coa propiedade privada (propietarios de bens declarados BIC teñen obrigas de conservación e restricións no uso e modificación do inmovible, o que pode resultar custoso e limitante). O futuro e a conservación do pazo deben ser a principal prioridade. Por iso, unha declaración xeral de todos os pazos como BIC non sería unha solución adecuada; cada caso debe ser analizado individualmente para determinar se ese pazo en concreto merece ese nivel de protección. Con todo, debemos subliñar a urxente necesidade dunha actualización lexislativa e administrativa, así como, quizais, a creación dun novo nivel de axuda que permita conservar os pazos galegos e responder ás súas necesidades de forma máis eficaz e global.

O Pazo da Merced pon de manifesto todas estas cuestións, xa que a súa historia evidencia a transformación do conxunto ao longo dos anos. Ademais, este edificio permite analizar unha polémica restauración levada a cabo a finais do século XX da man de Alfredo Alcalá. Este tipo de intervencións responde a unha época (década dos oitenta e noventa) na que a arquitectura e as solucións restauradoras apostaban pola innovación, sen priorizar a conservación fosilizadora do edificio tradicional. Esta tendencia ten en parte a súa orixe nun atraso cultural do noso país, consecuencia do illamento e da censura vividos durante a ditadura franquista.

É importante subliñar que non debemos xustificar cegamente restauracións agresivas ou pouco adecuadas para os edificios históricos, mais tampouco podemos xulgar intervencións do pasado aplicando criterios actuais. Este traballo pretende reflexionar sobre estas cuestións, sobre os diferentes matices que poden ocultar estas restauracións controvertidas, sobre o pasado da arquitectura pacega, que nos achega a unha parte fundamental da historia galega, e, especialmente, sobre o presente da lexislación e do mundo do patrimonio cultural, o que nos permitirá dar con novas estratexias de actuación para asegurar un futuro óptimo dos pazos.

## BIBLIOGRAFÍA

### Fuentes

- Alcalá, A. “Memoria da reforma e adaptación do pazo-hospedería da Merced 1991”, p. 1.
- Madoz, P. (1849). *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, tomo XII.
- Montero y Aróstegui, J. (2003). *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de Ferrol*. Madrid, Edicións Embora (obra original publicada en 1859).

### Bibliografía

- Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* COAG, Neda, n.º 22, pp. 24-34.
- Alfredo: Conversas no pazo*. (2023). Guión e entrevistas: Manuel Amable Romero Pérez e José Manuel López Pérez. Realización: Manuel Caldevilla e Iris Productions. Delegación de Ferrol do COAG Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Álvarez Gallego, G. (1963). *Los pazos: estudio preliminar*. Vigo, Castrelos.
- Castro Allegue, F.M. (2005). *Código del patrimonio cultural gallego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Durán Lóriga e Salgado, M. (2014). *Pazos gallegos. Materiales para su estudio*. Pontevedra, Diputación Provincial de Pontevedra.
- Fernández Negral, J., (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol [1783-1956]*, Sada, Coruña, Edicións do Castro.
- Fontela San Juan, C. (1997). “La rehabilitación de San Esteban de Ribas del Sil. Análisis y consideraciones”, *Porta da Aira: Revista de historia del arte orensano*, nº 8, pp. 253-263.

- García Buján, C. (1991). *El pazo, sus orígenes y evolución a través del tiempo*. [Tese de doutoramento, Universidade da Coruña].
- García Iglesias, J. M. (1992). *Pazos de Galicia: análise documental*. Vol. 1. Xunta de Galicia Consellería de Cultura e Xuventude, COAG.
- García Iglesias, J. M. (2001). *Guía dos pazos de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia.
- La Galicia de los pazos (Fotografías de Xurxo Lobato)*,(2002). A Coruña, La Voz de Galicia.
- Martín García, A. (2003). *Una sociedad en cambio: Ferrol a finales del Antiguo Régimen*. Ferrol, Edicións Embora.
- Martínez-Barbeito, C. (1986). *Torres, pazos y linajes de la provincia de A Coruña*, Deputación Provincial de Coruña, Imprenta Provincial.
- Meijide Pardo, A., (1998). “Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana”, *Anuario Brigantino*, nº 21, pp. 167-182.
- Nogueira, V. (2008). *Pazos de Galicia*, Vigo, Edicións Nigra Trea.
- Pena Buján, C. (2002). “Resucitando un viejo pazo: Alfredo Alcalá y el Pazo de la Merced”. *Revista de Neda*, nº5, pp. 143-151.
- Pereira, Morales, A. M. (1979). *La arquitectura del pazo en Vigo y su comarca*. Santiago, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG.
- Pereira Molaes, A. M. (1996). *Os pazos*. Vigo, Editorial Galaxia.
- Pereira Molaes, A. M. (3/11/2003). “Los Pazos gallegos: pasado y presente”. *Faro de Vigo*, pp. 39-43.
- Presedo Garazo, A.; Saavedra Fernández, P. (1997). *Os devanceiros dos pazos: economía e estratexias sociais da pequena fidalguía rural na Galicia interior (ss. XVI-XVIII)*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

- Presedo Garazo, A. (2004). "Dinámica de casa y reproducción social en la hidalguía gallega durante el siglo XVII". *Espacio, Tiempo y Forma, Serie IV, Historia Moderna*, 17, pp. 117-141.
- Presedo Garazo, A. (2005). "La nobleza provincial gallega ante la crisis del Antiguo Régimen: una visión panorámica". *Hidalguía: la revista de genealogía, nobleza y armas*, nº53(308), pp. 15-36.
- Saavedra, P. (2003). "La vida en los pazos gallegos: Entre la literatura y la historia", *Revista Pedralbes*, nº 23, pp. 285-316.
- Saavedra, P. (2009). "La vida en los pazos gallegos: entre la civilidad y la rudeza", *Chronica Nova*, nº35, pp. 163-191.
- Sánchez García, J.A. (2004). "Una señorial y melancólica escena. El romanticismo y el jardín de los pazos gallegos" en *Jardín y Romanticismo*, Madrid, Consejería de Educación, pp. 147-180.
- Vallejo Pousada, R. (1994). "La desamortización de Mendizábal en Galicia: un estado de la cuestión", en M. Artola Gallego (Coord.), *Antiguo Régimen y liberalismo: Homenaje a Miguel Artola. Economía y sociedad*, vol. 2, Universidad Autónoma de Madrid, UAM Ediciones- Alianza Editorial, pp. 353-366.

## 5. Anexo documental e fotográfico



Figura 1: Portada de *El hidalgo Don Tirso de Guimaraes*. Castelao, 1913.

Fonte: Sánchez García, J.A. (2004). "Una señorial y melancólica escena. El romanticismo y el jardín de los pazos gallegos " en *Jardín y Romanticismo*, Madrid, Consejería de Educación, p. 149.




Figura 2: Mapa de Ferrol a mediados do s.XVIII.

Fonte: Montero y Aróstegui, J. (2003), *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de Ferrol*. Madrid, Edicións Embora, pp. 312-313.



Figura 3: *Fotografía dos anos 60 da capela da Merced.*

Fonte: imaxe cedida pola familia Alcalá a esta autora; aínda que non foi realizada por eles, consérvana no arquivo documental do pazo.




Figura 4: Descripción dos espazos que configuraban o aspecto da fábrica La Florida.

Fonte: Fernández Negral, J. (2002), *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, Sada, Coruña, Edicións do Castro, p.95.




Figura 5: Zona de curtición na fábrica La Florida.

Fonte: Fernández Negral, J. (2002), *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, Sada, Coruña, Edicións do Castro, p. 98.




Figura 6: Alzado pavillón de empregados.

Fonte: cortesía de Alfredo Alcalá, recuperado de Fernández Negral, J. (2002). *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, Sada, Coruña, Edicións do Castro, p. 96.




Figura 7: *Alzado e sección en pranta da zona residencial dos propietarios da fábrica La Florida.*  
 Fonte: Fernández Negral, J. (2002), *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, Sada, Coruña, Edicións do Castro, p. 99.



Figuras 8 e 9: *Exterior da capela barroca do pazo da Merced.*

Fonte: fotografía realizada pola autora o 12/6/2025 grazas á colaboración e visita ao pazo da man de Juan Alcalá (fillo de Alfredo Alcalá).



Figuras 10 e 11: Interior da capela barroca do pazo da Merced con teito de madeira a dúas augas e o coro alto de madeira.

Fonte: fotografía realizada pola autora o 12/6/2025 grazas á colaboración e visita ao pazo da man de Juan Alcalá (fillo de Alfredo Alcalá).



Figura 12: Imaxe do antigo retablo antes da restauración de Dna. María García-Alén.

Fonte: Imaxe realizada por Alfredo Alcalá en 1978 no momento que compra a propiedade. Imaxe cedida por Juan Alcalá a esta autora o 19/6/2025.



Figura 13: *Retablo actual da capela da Nosa Señora da Merced despois da súa restauración.*

Fonte: fotografía realizada pola autora o 12/6/2025 grazas á colaboración e visita ao pazo da man de Juan Alcalá (fillo de Alfredo Alcalá).



Figuras 14 e 15: *Imaxes do estado ruinoso das estancias interiores e exteriores do pazo.*

Fonte: Imaxe realizada por Alfredo Alcalá en 1978 no momento que compra a propiedade. Imaxe cedida por Juan Alcalá a esta autora o 19/6/2025.



Figura 16: *Imaxe do proceso de restauración do teito da capela.*

Fonte: Imaxe realizada por Alfredo Alcalá en 1978 no momento que compra a propiedade. Imaxe cedida por Juan Alcalá a esta autora o 19/6/2025.



Figura 17: *Imaxe do estado no que a familia Alcalá atopou o antigo pavillón de empregados. Á dereita Marinela Medina (esposa de Alcalá) xunto unha muller non identificada.*

Fonte: Imaxe realizada por Alfredo Alcalá en 1978 no momento que compra a propiedade. Imaxe cedida por Juan Alcalá a esta autora o 19/6/2025.




Figura 18: *Bosquexo inicial da restauración do Pazo da Merced.*

Fonte: debuxo realizado por Alfredo Alcalá en 1978 e cedido a esta autora por Juan Alcalá o 19/6/2025.




Figura 19: *Bosquexos sobre a forma das fiestras e colocación dos pilares na casa principal.*

Fonte: debuxo realizado por Alfredo Alcalá en 1978 e cedido a esta autora por Juan Alcalá o 19/6/2025.



Figura 20: *Bosquexo do patio exterior.*

Fonte: debuxo realizado por Alfredo Alcalá en 1978 e cedido a esta autora por Juan Alcalá o 19/6/2025.




Figura 21: *Debuxo do perfil dos pavillóns cun almacén e aparcadoiro subterráneo.*

Fonte: debuxo realizado por Alfredo Alcalá en 1978 e cedido a esta autora por Juan Alcalá o 19/6/2025.



Figura 22: *Traballo de exvacación realizado por Alfredo Alcalá. O descubrimento dos pozos e zonas de curtición puxo en manifesto a organización productiva do establecemento.*

Fonte: Fernández Negral, J. (2002), *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol 1783-1956*. Sada, Coruña, Edicións do Castro, p. 102.




Figura 23: Plano do pazo coas zonas onde se realizaron catas e búsquedas superficiais marcados por raias.

Fonte: Fernández Negral, J. (2002), *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol 1783-1956*. Sada, Coruña, Edicións do Castro, p. 102.



Figura 24: Fotografía onde se observa as zonas de almacenaxe e lavandería no interior do pombal e almacén do patio interno.

Fonte: fotografía realizada por Alfredo Alcalá e cedida por Juan Alcalá a esta autora o 19/6/2025.



Figura 25: *Fotografía onde observamos a capela restaurada por Alfredo Alcalá.*

Fonte: Imaxe realizada por Alfredo Alcalá nos anos 90 e cedida por Juan Alcalá a esta autora o 19/6/2025.



Figura 26: *Imaxe actual do pombal con cristal colocado por Juan Alcalá.*

Fonte: fotografía realizada por esta autora nunha visita ao pazo o 6/5/2025



Figura 27: Imaxe do anterior xardín con prantas medicinais que foi convertido en piscina.  
Fonte: fotografía realizada por esta autora nunha visita ao pazo o 6/5/2025.




Figura 28: Plano final do aspecto do pazo da Merced.  
Fonte: Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. En *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG*, Neda, n.º 22, p. 25.



Figuras 29 e 30: *Imaxes do exterior pavillón do s.XVI antes e despois da restauración.*

Fonte: fotografías realizadas por Alfredo Alcalá e cedidas por Juan Alcalá a esta autora o 19/6/2025.



Figura 31: *Fotografía dos obreros traballando no pavillón do s.XVIII.*


Fonte: fotografía realizada pola familia Alcalá e cedida por Juan Alcalá a esta autora o 6/6/2025.



Figura 32: *Efecto espello dos grandes cristais colocados no pavillón do s. XVIII que dan ao patio interno.*  
Fonte: Alcalá Navarro, A. (1993), “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. En *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG*, Neda, n.º 22, p. 27.



Figura 33: *Imaxe aérea do mosteiro de San Esteban Ribas de Sil tras a restauración (podemos observar a gran pantalla de vidro na ala norte do claustro).*  
Fonte: Fontela San Juan, C. (1997), “La rehabilitación de San Esteban de Ribas del Sil. Análisis y consideraciones”, *Porta da aira: Revista de historia del arte orensano*, n.º 8, p. 253.



Figuras 34 e 35: *Imaxe da pantalla de vidro que substitue a parte desaparecida da ala norte do claustro de San Esteban de Ribas do Sil.*

Fonte: *Revista Galicia Moda*, (1991), nº 15, p. 218.




Figura 36: *Plano da planta baixa do pazo da Merced despois da restauración de Alfredo Alcalá.*

Fonte: Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. En *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG*, Neda, n.º 22, p. 26.



Figura 37: *Galería da planta baixa rematada en pedra e acristalada.*

Fonte: Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. En *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG*, Neda, n.º 22, p. 33.



Figuras 38 e 39: *Imaxes do corredor onde se atenden visitas e da escaleira de madeira que leva ao primeiro piso.*

Fonte: Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. En *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG*, Neda, n.º 22, pp. 25-30.




Figura 40: *Plano da primeira planta do pazo da Merced despois da restauración de Alfredo Alcalá.*  
 Fonte: Alcalá Navarro, A. (1993). “Rehabilitación do Pazo da Mercé”. En *Obradoiro: Revista de arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia COAG*, Neda, n.º 22, p. 26.



Figuras 41 e 42: *Imaxes do piso superior do pazo da Merced.*  
 Fonte: fotografías realizadas pola autora nunha visita ao pazo o 15/4/2025. Agradezo a Juan Alcalá a súa colaboración e as visitas guiadas no pazo.



Figura 43: *Imaxe do interior dun dormitorio onde observamos os acabados en tablero laminar.*  
Fonte: fotografía realizada pola autora nunha visita ao pazo o 15/5/2025.



Figura 44: *Imaxe dos teitos de cristal nos baños das estancias do piso superior.*  
Fonte: fotografía realizada por esta autora nunha visita ao pazo o 15/5/2025.



Figura 45: *Imaxe do piso superior cunha cadeira Mackintosh.*  
Fonte: fotografía realizada pola autora nunha visita ao pazo o 19/6/2025.



Figuras 46 e 47 : *Imaxes do antes e despois da restauración interior do pazo da Merced.*  
Fonte: fotografías cedidas a esta autora por Juan Alcalá o 19/6/2025.